




# Raiğalme

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADIÇÕES POPULARES


*Novembro de 2000*  
ESPECIAL XUDEUS NA GALIZA

n° 11



ESCOLA PROVINCIAL DE DANZAS • AGRUPACIÓN CASTRO FLOXO

# índice



PORTADA:  
Debuxo  
de Luís Cid

## ESPECIAL XUDEUS NA GALIZA

- páx. 5** Presentación  
*Carlos Barros*
- páx. 6** Xudeus galegos na baixa idade media  
*José Ramón Estévez*  
*Gloria de Antonio Rubio*
- páx. 20** A presenza xudía en Allariz  
*Antonio Blanco Rodríguez*
- páx. 28** A historia do pobo xudeu e o seu reflexo no urbanismo de Allariz  
*M<sup>ra</sup> Angeles López Cortiñas*  
*Cristina Varela Barrios*
- páx. 34** A comunidade xudía de Ourense na idade media  
*Anselmo López Carreira*
- páx. 46** Abrahan de León: aproximación á vida dun xudeu en Ourense no século XV  
*Gloria de Antonio Rubio*
- páx. 58** Apuntes sobre os xudeus de Monforte  
*Felipe Aira Pardo*
- páx. 74** Os xudaizantes de Ribadavia  
*José Ramón Estévez Pérez*
- páx. 88** Novos documentos sobre a xudería e a sinagoga de Ribadavia  
*Carlos Barros*  
*Gregorio Casado*

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES



*Dirección* **Mariló e Xulio Fernández Senra**

*Secretaría* **Fco. Javier Álvarez Campos**

*Cooperación Artística* **Luís Cid**

*Colaboración Especial* **José Ramón Estévez Pérez**  
**Embaixada de Israel**  
**Concello de Allariz**  
**Concello de Ribadavia**  
**Concello de Monforte de Lemos**  
**Edificio Simeón**  
**Centro de Estudios Medievais de Ribadavia**

*Icono Raigame (contraportada)* **Tomás Vega Pato**

*Coordenan* **Escola Provincial de Danzas**  
**Agrupación Castro Floxo**

*Edita*  **DEPUTACION**  
**OURENSE**

*Deseño e Realización infográfica* **Xosé Lois Vázquez & Nicole Carpentier, S.C.**

Todas aquelas persoas que teñan  
interese en publicar artigos ou traba-  
llos nesta revista poden dirixirse a:

**RAIGAME**  
*Aptdo. 484*  
*Tlf. e Fax 988 249493*  
*32080- Ourense*  
*e-mail: [escdanza@lander.es](mailto:escdanza@lander.es)*  
*web: [www.depourense.com](http://www.depourense.com)*

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

# PRESENTACIÓN

O pasado xudeu de Galicia non é aínda abondo (re)coñecido, tanto pola memoria das xentes como por parte dos historiadores que nos dedicamos á investigación e á docencia en universidades e no ensino medio, se comparamos co avanzado nalgunhas comunidades autónomas.

Trátase dunha eiva da historiografía galega que dificultou, ata hai pouco, a toma de conciencia dos galegos sobre a súa ascendencia xudía, e, polo tanto, sobre a nosa historia plural, étnica e relixiosa, conflictiva mais tolerante.

O punto de inflexión desta situación deficitario foi a celebración, no outono de 1991, do Congreso Internacional "Xudeus e conversos na historia", e a publicación das súas Actas, por iniciativa do "Centro de Estudios Medievais de Ribadavia", asociación cultural que tamén retomou a centenaria tradición da "Festa da l storia" transformando, co apoio institucional necesario (local, provincial e galego), a mentalidade de todos nós sobre as nosas orixes xudías.

Iniciativas posteriores en Pontevedra e Monforte amosan que está a medrar o interese pola historia xudía de Galicia.

Na provincia de Ourense atópanse tres vilas que foron ben significativas no mapa xudeu e xudaizante de Galicia nas Idades Media e Moderna: Ourense, Ribadavia e Allariz, sobre as cales se conservan documentos e tradicións importantes que permiten investigacións como as que hoxe presentamos aquí.

Anselmo López Carreira, bo coñecedor dos arquivos da cidade de Ourense e investigador especializa-

do na súa historia urbana medieval, escribe sobre a comunidade xudía de Ourense na Idade Media: fontes, colocación, número, profesións, vida interna, etc. O que fai da ourensá a xudería medieval galega mellor coñecida, gracias á documentación conservada, que deu lugar xa hai anos ós traballos de Xesús Ferro Couselo e Benito Fernández Alonso, seguidos hoxe en día, cunha metodoloxía actualizada e máis documentación, por Anselmo López Carreira, profesor de historia medieval na UNED.

Gloria de Antonio Rubio, que está a facer a súa tese de doutoramento sobre os xudeus galegos na Idade Media, investigación que coidamos vai dilatar significativamente o noso coñecemento da Galicia xudía, escribe sobre a "moito nobre persona" de Abrahám de León, recadador de impostos e prestamista documentado entre 1434 e 1479, corenta e sete anos repartidos entre Ourense e Ribadavia, onde foi mordomo de Conde de Santa Marta.

Xosé Ramón Estévez, do Centro de Estudios Medievais ribadaviense, teimudo investigador dos xudeus de Ribadavia, escribe sobre os xudai-zantes de Ribadavia procesados pola Inquisición, por causa da delación de Jerónimo Bautista de Mena no ano 1606: sen dúbida a persecución de xudeu-conversos máis sonada de Galicia, e punto de partida dunha memoria histórica agora reavivada.

Xosé Ramón Estévez e Gloria de Antonio redactaron así mesmo, para esta publicación da Deputación de Ourense, unha breve síntese sobre o escrito ata agora sobre as xuderías galegas, con especial mención ás tres vilas ourensás antes citadas.

Sobre os xudeus de Allariz escribe de xeito monográfico Antonio Blanco Rodríguez, ensinante, historiador e concelleiro de Cultura, resumindo de maneira clara as aportacións da historiografía e da tradición local. Traballo que conti-núan as arqueólogas María Ángeles López e Cristina Varela, situando no plano as tres colocacións sucesivas da xudería que as tradicións oral e erudita foi situando en San Pedro, Socastelo e San Estevo.


Felipe Aira, historiador actual de Monforte de Lemos aporta a esta edición de Raigame, sobre xudeus públicos e xudeus conversos no antigo Reino de Galicia, tres artigos de gran interese polas súas referencias documentais inéditas sobre xudeus medievais, a familia xudai-zante dos Gaibor, e as orixes inquisitoriais da tradición que dicía que os xudeus monfortinos azoutaban a Cristo na súa "infame sinagoga".

Por último, damos a coñecer novos documentos sobre a xudería e a sinagoga de Ribadavia, transcritos polo arquivista Gregorio Casado, no camiño indispensable de asentar a historia e a tradición dos xudeus galegos sobre datos certos que, unha vez publicados, poidan ser verificados e interpretados así mesmo por outros investigadores.

En resume, un feixe de traballos que haberán de animar os estudos xudeus en Galicia, así como a recuperación pola sociedade civil e as institucións representativas da memoria silenciada dos nosos antergos.

*Carlos Barros*  
*Universidade de Santiago de Compostela*  
*Instituto de Estudios Galegos*  
*"Padre Sarmiento"*





*Biblia Kennicot. A Coruña en 1476.*

**JOSÉ RAMÓN ESTÉVEZ PÉREZ**

Ver páxina 74.

**GLORIA DE ANTONIO RUBIO**

Ver páxina 54.



# Xudeus Galegos na Baixa Idade Média

José Ramón Estévez  
Gloria de Antonio Rubio

## INTRODUCCIÓN

As fontes documentais dispoñíbeis para a comunidade galega, non permiten precisar con exactitude a data da chegada dos xudeus a Galiza.

A primeira referencia a xudeus vivindo en terras galegas documéntase en Celanova no S. X. Con posterioridade a esta data desaparecen da documentación practicamente todas as referencias a xudeus galegos, a excepción dalgúns datos indirectos a recaudadores que, provintes de Castela, exerceron a súa actividade en Galiza.

As referencias documentais reanúndanse, de novo, no século XIV, chegando no século XV ao seu máximo apoxeo documental, o que nos permite aproximarnos tanto ao censo de xudeus galegos como á súa distribución xeográfica.

## CENSO DA POVOACIÓN XUDÍA GALEGA

Para tentar un achegamento a calquera aspecto da demografía medieval, hai que partir da premisa de que a documentación que poidera permitir un estudo estadístico completo é moi escasa. Ante esta falta de documenta-

ción algúns autores acudiron a procedimentos indirectos que poderían facilitar un achegamento á realidade demográfica. Yitzhak Baer, Luis Suárez e Miguel Ángel Ladero, entre outros investigadores, coinciden en sinalar que as listas de contribucións que debían satisfacer os xudeus do reino de Castela en concepto de “cabeza de peito”, “servicio e medio servicio” e “servicio de castellanos de ouro” poden ofrecer datos, en ningún caso exactos, pero si aproximativos, do número de familias obrigadas ao pago de impostos.



A “cabeza de peito” era unha cantidade anual que cada hebreo debía tributar en recoñecemento do señorío real e especial protección que o monarca lle dispensaba.

O “servicio e medio servicio” era unha cantidade extraordinaria tributada por todas as xuderías e no século XV cobrábase cada ano, esquecendo xa o seu primitivo carácter excepcional, cun montante fixo de 450.000 maravedís.

Para atender os gastos da guerra de Granada, impúxose aos xudeus unha contribución chamada “servicio dos castellanos de ouro”, debido a que se satisfacía en dita moeda. En teoría, cada xudeu maior de vinte anos ou menor emancipado debía pagar un castellano de ouro (equivalente a 485 maravedís), anque máis tarde se convertiu nunha cantidade fixa: en 1482 foron 12.000 castellanos de ouro; en 1485, 18.000; e desde 1486, 10.000.

Todos estos impostos recaudáronse polo sistema de capitación, é dicir, tense en conta o volumen de poboación para asignar a cantidade a pagar, o que permite unha certa análise demográfica. Ademais, Juan II tentou reducir o imposto persoal hebreo que fora crecendo paralelamente a outros tributos. Por tal motivo, ao efectuarse os repartimentos de 1472 e 1474 partíuse do canon persoal de 45 maravedís por cada veciño

ou cabeza de familia maior de 20 anos, eximindo do tributo ás mulleres.

Luis Suárez Fernández<sup>1</sup> recolle a contribución das alxamas de

xudeus no servicio e medio servicio, sobre datos de 1474 e 1482 e os repartimentos chamados de castellanos de ouro para a guerra de Granada. É esta que segue a continuación:

|   | 1474  | 1482  | 1488  | 1489  | 1491   |
|---|-------|-------|-------|-------|--------|
| Baiona                                      | 450   | 600   | -     | -     | -      |
| A Coruña con Betanzos, Ribadeo e Pontedeume | 1.800 | 1.500 | 5.098 | 4.500 | 4.815  |
| Ourense con Monforte, Ribadavia e Allariz   | 2.000 | 1.000 | 8.770 | 6.800 | 13.550 |

Tendo en conta que a relación entre contribución e número de veciños nunca é exacta, senón meramente representativa, poderíamos calcular a cantidade de xudeus que vivían en cada unha das comunidades citadas. Para elo divídese a cantidade a pagar por cada comunidade por 45 maravedís (canon persoal) obtense así o número de veciños ou de cabe-

zas de familia. Se esta cantidade se multiplica por 6 (para as familias xudías sóese aplicar este coeficiente) obteremos o número total de xudeus dunha comunidade.

No caso de Galiza e segundo os datos anteriormente citados, teríamos, por exemplo, para o ano 1474 as seguintes cantidades:

### A Coruña con Betanzos e Ribadeo:

| Cantidade cotizada        | Número de familias | Número de veciños                  |
|---------------------------|--------------------|------------------------------------|
| 1.800                     | $1.800 / 45 = 40$  | $40 \times 6 = 240$                |
| Cantidade / canon persoal |                    | número de familias x coeficiente 6 |

### Ourense con Monforte, Ribadavia e Allariz:

| Cantidade cotizada        | Número de familias | Número de veciños                  |
|---------------------------|--------------------|------------------------------------|
| 2.000                     | $2.000 / 45 = 44$  | $44 \times 6 = 264$                |
| Cantidade / canon persoal |                    | número de familias x coeficiente 6 |

### Baiona:

| Cantidade cotizada        | Número de familias | Número de veciños                  |
|---------------------------|--------------------|------------------------------------|
| 450                       | $450 / 45 = 10$    | $10 \times 6 = 60$                 |
| Cantidade / canon persoal |                    | número de familias x coeficiente 6 |

### Cantidade total de xudeus que habitan en Galiza:

| Cantidade cotizada        | Número de familias | Número de veciños                  |
|---------------------------|--------------------|------------------------------------|
| 4.250                     | $4.250 / 45 = 94$  | $94 \times 6 = 564$                |
| Cantidade / canon persoal |                    | número de familias x coeficiente 6 |

1. Suárez Fernández, Luis: *Documentos acerca de la expulsión de los judíos*; pp. 66-69.



En conclusión podemos afirmar, que pese a que o sistema de cálculo da poboación baseado nos impostos específicos que pagaban os xudeus, apórtanos unhas cifras meramente aproximadas, a poboación xudía galega foi minoritaria dentro da sociedade cristiana.

### DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN XUDÍA GALEGA

Os datos anteriores citados, xuntados con outros documentos, na súa maioría do século XV e provintes de diferentes arquivos galegos permítenos afirmar que a

distribución das comunidades xudías galegas, desde unha perspectiva meramente xeográfica é a que se reflicte no gráfico adxunto:

**Neste mapa pode observarse de forma clara que as comunidades xudías localizábanse en torno a varios núcleos:**

**Núcleo Norte: composto por Ribadeo, Mondoñedo, A Coruña, Pontedeume, Ferrol e Betanzos.**

**Núcleo Sur: composto por Monforte, Ourense, Allariz, Celanova, Ribadavia, Tui e Baiona, que se distribúen ao longo de zonas de influencia do río Miño e seguindo a fronteira do norte de Portugal.**

**Núcleo Central: formado por Santiago de Compostela, punto de converxencia dos diferentes camiños da ruta Xacobeá.**



### COMUNIDADES DA PROVINCIA DE OURENSE

A grande maioría da documentación conservada sobre os xudeus galegos do século XV fai referencia á cidade de Ourense e á súa provincia, permitíndonos coñecer a existencia, non só de comunidades citadas nos datos fiscais, analizados anteriormente, senón tamén parte da súa organización (xuderías e alxamas), e das ocupacións da súa poboación.


### XUDERÍAS

Ao longo da historia, os xudeus mantiveron sempre unha tendencia a se agrupar en sectores propios, apartados do resto da poboación, fundamentalmente para garantir a pervivencia do grupo. Este barrio ou zona habitada polos xudeus recibe o nome de xudería. É necesario facer constar que non se debe confundir este termo co de alxama. Esta constitúe a institución xurídica

que acolle aos xudeus.  
**Xudería de Ourense.**

En Ourense, a maioría da poboación xudía está concentrada na Rúa Nova. Esta rúa comezaba no muro que servía de defensa á cidade e remataba na Praza do Campo, actual Praza Maior, tal e como se observa no mapa<sup>2</sup> que se adxunta a continuación.

2. López Carreira, Anselmo; *A cidade de Ourense non século XV*, pp. 54-55.



Nome das rúas ás que se fai referencia no mapa.

- |  |   |  |
|--|---|--|
| 1. Catedral  | 21. Rúa de Cima de Vila   | 41. Rúa do Pelouriño                         |
| 2. Pazo do Bispo                                   | 22. Rúa Escura  | 42. Rúa da Penavixia                         |
| 3. Torre Vella ou de S. Martiño                    | 23. Rúa dos Fornos  | 43. Rúa da Fonte Arcada                      |
| 4. Torre dos Brancos                               | 24. Rúa da Obra   | 44. Rúa das Chousas                          |
| 5. Torre de Sta. María                             | 25. Rúa dos Zapateiros  | 45. Rúa do Penso                             |
| 6. Porta do Campo ou do Concello                   | 26. Rúa dos Arcedianos  | 46. Rúa do Baño                              |
| 7. Porta da Burga                                  | 27. Rúa Nova  | 47. Rúa do Vilar                             |
| 8. Porta da Vila                                   | 28. Calexa da Rúa Nova ou Eiró                                      | 48. Rúa do Vergal ou do Vergairo             |
| 9. Porta da Aira                                   | 29. "Caella" (que baixa da rúa dos Zapateiros á rúa dos Arcedianos) | 49. Rúa Travesa                              |
| 10. Porta e Torre da Fonte Arcada                  | 30. Rúa das Tendas  | 50. Rúa da Aira do Bispo ou da Porta da Aira |
| 11. Postigo de S. Francisco                        | 31. Vía Sagra   | 51. Cruz da Aira                             |
| 12. Porta de Cima de Vila ou do Tendal da Figueira | 32. Rúa do Postigo de S. Francisco                                  | 52. Praza do Sal e das Olas                  |
| 13. Porta da Pia da Casca ou dos Fornos            | 33. Rúa da Praza  | 53. Praza dos Zapateiros                     |
| 14. Porta da Corredoira                            | 34. Rúa da Correaría  | 54. Cruz do Vilar                            |
| 15. Porta da Fonte do Bispo                        | 35. Rúa dos Brancos   | 55. Carnicería Nova                          |
| 16. Porta da Rúa Nova                              | 36. Rúa da Barreira   | 56. Curral do Bispo                          |
| 17. Rúa da Fonte do Bispo                          | 37. Rúa da Burga  | 57. Praza do Campo                           |
| 18. (Rúa da) Corredoira                            | 38. Rúa do Pumar  | 58. Praza do Pescado                         |
| 19. Rúa da Pixotaría                               | 39. Rúa da Fonteña  | 59. Cruz dos Centeos                         |
| 20. Tendal da Figueira                             | 40. Rúa Canicova  | 60. Cimadevila                               |



- 61. Cruz dos Fornos
- 62. Cruz dos Ferreiros
- 63. Curral dos Cabaleiros
- 64. Fonte do Bispo
- 65. Eiró
- 66. Cemiterio (Claustro de Sta. María Mai)
- 67. Albergaría da Corredoira
- 68. Hospital da rúa Nova

- 69. Hospital da Barreira
- 70. Igrexa de Sta. María Mai
- 71. Capela da Madalena
- 72. Abadía da Trindade
- 73. Nosa Señora do Posío
- 74. Sta. María a Nova
- 75. Mosteiro de S. Francisco
- 76. Igrexa de S. Francisco
- 77. Sinagoga

- 78. Casa dos Cadórniga
- 79. Camiño da Fonte do Bo Nome
- b- baños
- c- tramos de cerca
- f- fontes
- p- picota ou pelouriño?

Coa documentación manexada até o momento sabemos que, anque a maioría dos xudeus vivían na Rúa Nova, había outros dispersos por toda a cidade. As outras rúas onde habitaron os xudeus ao longo de todo o século XV son: rúa da Carnicería, rúa dos Arcedianos, rúa das Tendas, rúa dos Zapateiros, rúa da Praza, rúa da Pixotaría, rúa das Chousas, rúa da Corredoira e rúa da Barreira.

*Januca: Lit. "Consagración" ou "dedicación", festa que dura oito días e que conmemora a revolución exitosa dos Macabeos contra a persecución relixiosa instigada polos Sirios Helénicos baixo a autoridade de Antioco IV, (século II da Era común). Tal como está rexistrado no Talmud, os xudeus victoriosos atoparon soamente un recipiente de aceite non contaminado que normalmente se empregaba para manter prendida a lámpara perpetua que ardía no Templo. Cada garraga ou recipiente de aceite duraba un día e sucedeu entón o milagre, durando oito días.*





**Xudería de Ribadavia**

Ribadavia estaba na época Baixomedieval totalmente rodeada de murallas que acollían no seu interior a comunidade xudía que alí habitaba e que no século XVIII amosaba este aspecto:

Non se conservou documentación medieval que identifique o lugar exacto onde habitaban os xudeus dentro da cidade, mais a documentación dos séculos XVI e XVII é o suficientemente clara como para poder afirmar que a rúa da xudería localízase na que

baixa da Praza Maior cara a igrexa da Magdalena, e que é a actual Merelles Caula, segundo un documento que constaba nos arquivos do mosteiro de Sto. Domingo e que actualmente se garda no Arquivo Histórico Provincial de Ourense<sup>3</sup>.



ENGRÁFICA DE LA VILLA DE RIBADAVIA, MIRADA DE NORTE A SUR DELINEADA POR UN AFICIONADO Y PATRIGIO DELA EXPRESA VILLA, CONFORME SE HALLA EN ESTE PRESENTE AÑO DE 1799<sup>4</sup>

|  |   |  |  |   |
|--|---|--|--|---|
| <p>Docemento Abraz y Muerta de S<sup>ta</sup> Prax<br/>Lea<br/>Vila en Parróquia de S<sup>ta</sup> Maria de<br/>la Oubeyra<br/>Parróquia de S<sup>ta</sup> Maria Magdalena<br/>Parróquia de S<sup>ta</sup> Juan<br/>Parróquia de el Excelemuimo de</p> | <p>C Torre del Relo de la Villa con que<br/>compaña se vea a las fuentes de<br/>el concafo.<br/>H Rio Aza, que nace en la Fuente<br/>Ovaria del Monte Juido, baxa al<br/>Rozera y de allí viene por arillas a<br/>de esta Vila, y en sus terminos se<br/>incorpora con el Rio Miño.<br/>I El Miño de mediano caudal que</p> | <p>ñan cerca de la Ciudad de Lugo,<br/>donde busca torre desde allí por<br/>la inmediación de la Ciudad de<br/>ve y en los confines de la Jurisdiccion<br/>de Melán vive en el Rio Aza.<br/>J Fortaleza del señor Conde de Ribadavia.<br/>K Cambrón de S<sup>to</sup> Domingo, en cuyo<br/>treno estuvieron los Jarranes</p> | <p>L Capilla de Nuestra Señora del Par<br/>tial Patrón de la Vila.<br/>M Capilla de S<sup>to</sup> Lazaro en la Jurisdic<br/>cion de Melán.<br/>N Fuente de la plata, con esta tiene<br/>Vila cinco Fuentes saludables y<br/>frías.<br/>O Molinos que dividen la Arroyada<br/>de esta Vila de la de Melán.</p> | <p>Q Pena de frade.<br/>R Camino real que sirve de<br/>Cueva donde hizo penitencia<br/>Pedro González Telmo.<br/>S Camino que viene de Pontevedra<br/>Camino que viene de la Ciudad de<br/>U Puente de la Vila llamado de<br/>deca Tiene la Vila en su jurisdic<br/>cion cuatro</p> |
|--|---|--|--|---|

Debuxo da Vila de Ribadavia datado en 1799.

3. AHPOU. Clero, Sto. Domingo de Ribadavia, C – 10071, Ribadavia, 1678.



Ribadavia

Casa q.<sup>e</sup> antes fueron dos En la Calle de la Cruz ó Judiana, y forma Esquina a la izquierda basando de esta Calle à la de S.<sup>to</sup> Martin

En 24 de Febrero de 1644. dió en foro el con.<sup>to</sup> à Fran. Rodriguez la parte de casa q.<sup>e</sup> estava entre las calles de la Cruz y S.<sup>to</sup> Martin, y formava Esquina basando à la izquierda p.<sup>o</sup> venta en cada un año de dos r.<sup>os</sup> de plata de 34 m.<sup>d</sup>. Cada Real pagos p.<sup>o</sup> dia de S.<sup>to</sup> Martin. Pasó la lib.<sup>ra</sup> p.<sup>o</sup> ante Gonzalo Cervela C.<sup>no</sup> de su Mag.<sup>d</sup> Vecino de S.<sup>ta</sup> Catalina de Vanqa.

Documento onde se cita a rúa da Xudería de Ribadavia.  
(AHPOU Clero, Sto. Domingo de ribadavia, C-10071, Ribadavia, 1678).

### Xudería de Allariz

A característica principal da comunidade de Allariz é que foi, segundo a documentación manexada até o momento, a primeira comunidade xudía galega apartada a vivir a unha zona separada da poboación cristiana. Este apartamento produciuse despois do acordo ao que chegaron membros do Concello, da igrexa e o representante dos xudeus de Allariz. Este acordo ou carta de

avenencia foi transcrito, entre outros, polo historiador Amador de los Ríos<sup>4</sup> e di o seguinte:

"CARTA DE AVENENCIA ENTRE PER EANEZ, VECINO DE ALLARIZ, É MÁ S HOMES-BUENOS, É ISAAC ISMAËL, XUEDEU MAOR DE DITA VILLA.

Pero Eanez, Merino da Vila de Allariz con más omes da dita Vila e cregos dela, don Joan Mendo de San Pedro de dita Vila, Nuno

Ramiro e Rodrigo Eanez, todos a una voz, e un so pela de todos, con Isaac Ismael, Xudeu Maor dos xudeus moradores en esta vila, en presenza de Miguel Perez, scrivan del Rey e seu notario en Allariz e en terra de Limia, das quales testimunas doy fé. luntados os omes en concello a són de campana, segun e nosa costume, diputaron con nos o dereito de acordar con dito Isaac, Xudeu Maor en esta vila, por sí e por os demais xudeus,

4. Amador de los Ríos, José; *Historia de los judíos de España y Portugal*, tomo II, páxs. 553-554.





que hi viven o que posto hi vai: Nas rogas e festas, que os ditos xudeus fan nos soburvios da vila por vaixo do noso Castelo, non vaya hi ningun cristian, morador na dita vila, por os prender e moestar en suas rogas. Que o dito Xudeu Maor nin su jente merquen, troquen nin moren en vivenda fora da Xudería e non nas outras ruas da vial, do moran os cristians; e cando nos saque-mos o noso Deus e sua mãi Santa María pelas ruas n'ã d'estar hi presente nengun xudeu, e os cristians tornarnos an das ruas, donde passaren con noso Deus, porque se non mofen é non aya hi camerias, nin ruindades, nin desaguisados como de costume. E dar ã Isaac en prenda a casa do burgo, que mercou a Joan da Moeiro, pelos dagnos que seus xudeos hi feçeren; e donar ã en juro de heredad pelo prezo, que conviren, á Sancha Eanez, abatisa do mosteiro de Santa Clara, que se está á facer, a orta que hi ten nos soburvios da vila, por que as Donas do mosteiro, que hi fondou a Reina doña Violante, podan agrandar a orta e gaçer seu cimeteiro. E nengun cristian morará na Xuderia, ni frá hí nengun desaguizado: e entren os xudeos pelas portas da vila para Xuderia vastimentos, que tiveren por menester. En presenza dos ditos omes e xudeus a todo estivese eu presente, e delo deu testimu-ña e fice e meu sino, que é atal. —Feita en Allariz os vinte dias de Mayo, Era de MCCCXXVII. —Miguel Perez. —Seguen o signo e a rúbrica."

III.

CARTA DE AVENENCIA ENTRE PER EANEZ, VECINO DE ALLARIZ, É MÁ S HOMES-BUENOS, É ISAAC ISMAËL, XUDEU MAOR DE DITA VILLA.

(Archivo Municipal de Allariz, Galicia)

1289.

Pero Eanez, Merino da Vila de Allariz con más omes da dita Vila e cregos dela, don Joan Mendo de San Pedro de dita Vila, Nuno Ramiro e Rodrigo Eanez, todos a una voz, e un so pela de todos, con Isaac Ismael, Xudeu Maor dos xudeos moradores en esta vila, en presenza de Miguel Perez, scriván del Rey e seu notario en Allariz e en terra de Limia, das quales testimunas doy fé. Iuntados os omes en concello a sôn de campana, segun e nota costume, diputaron en nos o direito de acordar con dito Isaac, Xudeu Maor en esta vila, por sí e por os demais xudeos, que hi viven o que posto hi vai: Nas rogas e festas, que os ditos xudeos fan nos soburvios da vila por vaixo do noso Castelo, non vaya hi ningun cristian, morador na dita vila, por os prender e moestar en suas rogas. Que o dito Xudeu Maor nin su jente merquen, troquen nin moren en vivenda fora da Xuderia e non nas outras ruas da vila, do moran os cristians; e cando nos saque-mos o noso Deus e sua mãi Santa María pelas ruas n'ã d'estar hi presente nengun xudeu, e os cristians tornarnos an das ruas, donde pasarem con noso Deus, porque se non mofen é non aya hi camerias, nin ruindades, nin desaguisados como de costume. E dar ã Isaac en prenda a casa do burgo, que mercou a Joan da Moeiro, pelos dagnos que seus xudeos hi feçeren; e donar ã en juro de heredad pelo prezo, que conviren, á Sancha Eanez, abatisa do mosteiro de Santa Clara, que se está á facer, a orta que hi ten nos soburvios da vila, por que as Donas do mosteiro, que hi fundou a Reina doña Violante, podan agrandar a orta e façer seu cimeteiro. E nengun cristian morará na Xuderia, ni fará hí nengun desaguisado: e entren os xudeos pelas portas da vila para Xuderia os vastimentos, que tiveren por menester. En presenza dos ditos omes e xudeos a todo estive eu presente, e delo deu testimuña e fice e meu sino, que é atal. —Feita en Allariz os vinte dias de Mayo, Era de MCCCXXVII. —Miguel Perez. — Siguen el signo y la rúbrica.

*Neste documento non se fai nengunha mención ao lugar ocupado pola xudería, sen embargo, a referencia ao castelo permútenos situala próxima a el e á actual igrexa de S. Estevo.*



*A rúa da Xudería de Ribadavia,  
na actualidade.*

Foto Moncho

### **Xudería de Celanova**

De entre todas as comunidades xudías de Ourense e a súa provincia, a menos documentada é a de Celanova, impedíndonos coñecer a localización da xudería. Sen embargo, temos constancia da existencia de xudeus vivindo alí desde data moi temprana. O Tumbo de Celanova recolle a presenza dun personaxe xudeu chamado “Abrahán” que actuou como testigo en varias doacións ao mosteiro no século X.

### **Alxamas**

Os xudeus organizáronse a xeito de comunidades locais autónomas, semellantes aos municipios, que se denominaron alxamas. As comunidades galegas presentan unha clara particularidade. Esta é que nos documentos fiscais non se fala nunca de alxama, senón que se cita “os xudeus de ...”, o que pode ser indicativo dunha menor entidade das comunidades galegas. Sen embargo, na documentación da cancellería rexia, algunha desas comunidades son definidas como alxamas, especialmente a comunidade de Ourense.



No documento reproducido neste artigo, como se pode apreciar, non se fai referencia ás comunidades galegas como alxamas, senón que se fala de “os xudeus de ...”.

A organización interna da alxama sostense gracias a tres pilares básicos: o Consello, os Tribunais e a Sinagoga.

### **O Consello**

Á cabeza da comunidade estaban “os vellos da alxama”, membros das familias máis ricas e influíntes que se xuntaban para nomear os cargos da alxama e para tomar decisións que afectaban a toda a comunidade.



### O Tribunal de Xustiza


A alxama contaba cos seus propios tribunais, con competencia exclusiva sobre os membros da súa comunidade. En Ourense consérvase o único documento que fala, en 1457<sup>5</sup>, de cómo os xudeus desta cidade resolven a

disputa entre dúas mulleres da súa comunidade: convocan xuiques especiais, xúntanse na sinagoga, escoitan as partes e condenan aos que consideran culpábeis.

### A Sinagoga

A sinagoga é, fundamentalmente, un lugar de oración, mais ten tamén outras funcións moi impor-

tantes para a vida da comunidade, como poden ser: centro de reunión, dar acollida ao tribunal da alxama e, sobre todo, ser un centro de estudo do Talmud e a Torah. Esta función de estudo da Torah fai que en algunha das comunidades galegas a sinagoga reciba este nome, existindo referencias documentais á Torá de Ribadavia e á Torá de Tuy, en Pontevedra.




Documento escrito polo xudeu Rabi Jacob Aben Nunes, físico do rei Fernando o Católico. Encargado de recoller o servicio e medio servicio que todas as xuderías debían pagar ao rei para contribución á guerra de Granada. Indicamos no documento onde sae a contribución dos xudeus de Ourense, Monforte, Ribadavia e Allariz con 6.800 maravedís no ano de 1489. Pertencente ao Arquivo de Simancas, rexistro Xeral do Sello. Vol. VI, núm. 617 -Folio 332 (1489, Febreiro 21).

5. AHPOU. Concello de Ourense, C -1/49.



Documento no que se relata unha reunión na sinagoga de Ourense para xuzgar o enfrentamento entre dúas mulleres xudías.

(AHPOU, Concello de Ourense, C-1/49).



### A sinagoga de Ourense

As primeiras referencias á sinagoga de Ourense datan do século XIV e atópanse dentro de varios contratos de foro (especie de contrato de arrendamento). Estes mesmos contratos localizan a sinagoga na rúa Nova. Nesta rúa, como vimos anteriormente, habitaba unha grande maioría dos xudeus da cidade.

Despois da expulsión dos xudeus en 1492, a sinagoga, segundo consta na documentación manexada, foi convertida en casa.

### A sinagoga de Ribadavia

Ao igual que ocurría cos datos sobre a xudería, os datos sobre a sinagoga de Ribadavia proceden todos eles dos séculos XVI e XVII e non deixan nengún lugar a dúbidas sobre a súa existencia.

A localización da sinagoga dedúcese dun foro, feito polo mosteiro de Sto. Domingo, dunha casa situada na rúa da xudería, que di textualmente: "... la qual dicha casa fue tora de los judios en el tiempo que solian beber en la dicha villa..."<sup>6</sup>.

Ao igual que a sinagoga de Ourense, tras a expulsión dos xudeus en 1492, a sinagoga foi utilizada como casa e, ao menos desde esta data, pertenceu ao mosteiro de Santo Domingo.

6. AHPOU. Clero, Sto. Domingo de Ribadavia, C - 10071, 1522, fol. 2.



**A sinagoga de Allariz.**

Soamente a través da presenza do rabí ou rabino Mosen Cohen na carta de Avenencia de Allariz podemos falar da existencia da sinagoga de Allariz, descoñecendo até o momento calquera outro dato referido á súa localización.

**PROFESIÓN**


As profesións exercidas polos xudeus galegos non difiren moito das exercidas polos xudeus de Castela. Quizais, debido á natureza da documentación manexada, détéctase a presenza de xudeus, principalmente, na recaudación

de impostos e administración do diñeiro, así como dedicados ao comercio e á práctica da medicina. En menor medida rexístrase tamén a presenza de artesanos: plateiros, xastres, tecedeiros e zapateiros.

A modo de conclusión e para rematar, podemos dicir que as comunidades galegas, en xeral, anque cunha poboación moi reducida, non difiren na súa organización das grandes comunidades de Castela. A documentación, anque escasa, permítenos saber da existencia de xuderías así como dos principais elementos que estruturaban unha alxama: o Consello, os Tribunais de Xustiza e a Sinagoga. Ademais,

tamén nos permite coñecer a existencia de outras construcións da vida diaria, derivadas das súas especiais necesidades alimenticias e de culto, como por exemplo un forno en Ourense, unha carnicería en Tui ou a existencia dun cemiterio en Allariz e A Coruña.

Esta documentación é especialmente rica en datos que se refiren á actual provincia de Ourense, onde nos permite identificar as súas xuderías, as súas alxamas e parte da vida xudía medieval por medio dos datos sobre numerosos personaxes e a súa actividade profesional que aquí desenvolveron ao longo do século XV.




Documento sobre a Torab de Ribadavia. (AHPOU, Clero, Sto. Domingo de Ribadavia, C-10071, 1522, Fol. 2



*Xudeu  
sumerxido  
no baño  
ritual.*





*A fábrica de coiros,  
na zona do Portovello*

**ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ**

Allariz, 1951

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Especialista en Historia, Sec. Historia da Arte. Adícase profesionalmente á educación e ao ensino. Desde 1991 é responsábel da Área de Educación, Cultura e Deporte no Concello de Allariz.



# A presenza xudía en Allariz

Antonio Blanco Rodríguez

A historiografía xudai-co-alaricana amósase parca en datos. Dificultade que xa atoparon Cid Rumbao e José Puga, principais estudiosos do tema. O arquivo da parroquia de S. Esteban, fundamental neste caso, foi vítima do lume no s. XVII. O mesmo lle aconteceu máis recentemente ó do Concello, se ben este xa comezara a desmantelarse con anterioridade. Por ende a presente aproximación á presenza xudía en Allariz ten un carácter fundamentalmente compilatorio.

## 1.- Orixe do asentamento xudeu:

No **Foro** de Allariz, outorgado por Alfonso VII á Vila en 1.157 e que regulamenta minuciosamente as relacións de convivencia,

non se fai a máis mínima alusión á presenza xudía.

A primeira referencia documental atopámola en 1.186, data na que o Xudeu Maor merca ó Concello un pedazo de terreo con destino a cemiterio. Esta transacción foi posible en virtude da doación feita en 1.181 polo Rei Fernando II ó Concello das súas propiedades na Vila e no termo xurisdiccional.

Este primetro asentamento ubicábase nos suburbios da Parroquia de S. Pedro, entre Torre Lombarda e a Porta de Vilanova, dentro da muralla e delimitado pola Rúa de S. Lázaro, en lugar de notable desnivel, no que aínda perdura o topónimo Barranquiño. Entre a muralla e o río extendíase o Campo dos Coiros -hoxe

Portovello- cunha incipiente actividade de curtición ligada á presenza xudía que perdurará na evolución socioeconómica da Vila.

## 2.- O período álxido: s. XIII e s. XIV:

Se ben a lexislación -a primeira lei de apartamento dictara Sisebuto no 3<sup>a</sup> Concilio de Toledo- establecía a obrigatoria segregación de comunidades étnicas e relixiosas, todo parece indicar que a práctica cotiá obviaba ou cando menos difuminaba este rigorismo.

Nembargantes puntualmente deberon producirse numerosos conflitos e enfrontamentos como se tira das sucesivas cartas de avenencia e conciliación entre ambas comunidades.





*Baixada da rúa de Vilanova  
cara o cemiterio,  
e cruceiro do Calvario.*


A primeira delas data de 1.249:  
“Sepan cuantos vieren esta pági-  
na para siempre valedera que  
los que habitan en el atrio, por sí  
y por su parte y los que habitan  
en Vilanova y en S. Pedro por sí y  
por su parte, bacen en, firme el  
siguiente pacto de amistad...”  
Intento evidente de achegamen-  
to entre os cristiáns que habitan  
nas inmediacións do adro de S.  
Pedro e os xudeus dos subur-  
bios da mesma parroquia e de  
Vilanova.

Chama a atención a masiva  
concentración de institu-  
cións destinadas a grupos  
marxinais ou de presenza  
cercana non desexable  
(leprosario de S. Lázaro,  
Hospital de peregrinos do  
Seixón e Hospital do Conde na  
rúa do mesmo nome, Albergue de  
S. Pedro...) durante estes séculos  
nas inmediacións da Parroquia de  
S. Pedro. A Vila xurdira e medrara  
en rúas paralelas ó castelo xusto  
no outro extremo, sendo aínda  
hoxe perceptible unha maior  
densidade de edificación na zona  
leste, preto do castelo, que na  
oeste, preto de S. Pedro.

O **20 de maio de 1.289** asínase o  
principal documento en relación  
coa comunidade xudía: a Carta de  
avenencia que debe regular de  
mutuo acordo a convivencia entre  
etnias. Non é o caso de entrar aquí

na clásica controversia de Américo  
Castro e Sánchez Albornoz sobre a  
convivencia e colaboración entre  
as tres culturas, incluídos os mou-  
ros ou mouriscos. O certo é que o  
pacto asínase en pé de igualdade,  
baixo a autoridade real representa-  
da por Pero Eanes, meiriño da Vila.  
Na orde relixiosa acórdase separar  
as celebracións públicas sen pre-  
sencia dos uns nas dos outros.  
Tamén se acorda que os cristiáns  
non morarán na xudería e vicever-  
sa. O Xudeu Maior, Isaac Ismael,  
deberá entregar en prenda “a casa  
do burgo polos danos que seus  
xudeus hi feçeren...” O que pon de  
manifesto que os xudeus tiñan

propiedades no barrio cristián e  
incluso no novo barrio de O  
Couto onde se está a construír o  
Convento de Sta. Clara ó que na  
mesma carta establece o compro-  
miso de doar en herdade “a ortal  
que hi ten...por que as Donas do  
Mosteiro podan...façer seu cime-  
terio”. O documento sinala clara-  
mente a ubicación da sinagoga e  
cemiterio: no Subcastelo, en solar  
cedido polo Concello en 1.186.  
Asemade faise unha primeira refe-  
rencia ó barrio de O Couto, confir-  
mado posteriormente por **Carta  
puebla de Sancho IV de 1.293** e  
que, co tempo, rematadas as obras,  
será ocupado polos xudeus.





Así pois, semella comprobado documentalmente que a finais do s.XIII os xudeus habitaban no barrio de S. Pedro e Vilanova e tiñan cemiterio e sinagoga no Subcastelo.

Nin a carta de 1.249 nin a de 1.289 deberon eliminar os conflitos étnico-relixiosos na súa totalidade. A Festa do Corpus fora instituída por bula de Urbano IV en 1.272 e a súa procesión ordenada por Xoán XXII en 1.316. Pola súa banda, a Cofradía do Corpus Deus estableceu-se en Allariz na Parroquia de S. Pedro e perdurou ata 1.875. No primeiro ano de celebración da procesión xa se produciron conflitos entre xudeus e cristiáns. Neste contexto deben situarse os acontecementos de **1.317 con Xoán de Arzúa** como protagonista. Subido a un boi guiado polos seus criados, a golpes de fariña e formigas bravas, vai escorrentar ós xudeus cara ó seu barrio. Sentiuse tan orgulloso da súa fazaña que decidiu crear unha Fundación co seu nome e capital para perpetuar a súa memoria, o que aínda hoxe se fai anual e puntualmente.

Malia á Pragmática de Carlos III, en Allariz mantívose a tradición, entre outras razóns pola **Carta** outorgada polo mesmo Rei en 1.766, posiblemente a petición do Concello, que sanciona a costume e permite a súa celebración.

Nin a **Picouta dos Xudeus**, no



*A ponte de Allariz sobre o río Arnoia na zona do subcastelo.*

Eirado de S. Pedro, debeu cumprir o efecto disuasorio agardado. En 1.319 trasladouse ó Outeiro da Forca -eufemísticamente rebautizado como O Xardin- e dalí, a finais do s.XV, ó Outeiro da Godalla. O topónimo orixinal mantense na Praza do Eiró, no que foi adro de S. Pedro.

### 3.- Decadencia e extinción:

Durante o conflito sucesorio mantido entre Enrique de Trastámara e Pedro I a presenza

xudía en Allariz debía ser aínda de notable entidade. Este último nomea a Fernando de Castro administrador dos reinos de Galicia, León e Asturias, quen mediante **Carta outorgada de 5 de maio de 1.366** declara en Allariz unha especie de amnistía xeral, tanto a xudeus como a cristiáns: “... *por cualesquier maleficios que cualesquiera de ellos bayan hecho o se bayan guardado de hacer en cualquiera manera, tanto judíos como cristianos...*”.



*Bairro do Couto, detrás do Convento.*

As décadas finais do s. XIV e o decorrer do s. XV significan un camiño de decadencia cara a extinción da colonia xudía. Sen dúbida os sanguentos acontecementos que no conxunto dos rei-

nos se viven a partir de 1.391 deixaron tamén a súa pegada en Allariz. A colonia xudía trasládase, agora xa extramuros, ó Subcastelo e O Couto onde remataran as obras do Convento.

A Lei de apartamento das Cortes de Toledo de 1.480 sentará principios xurídicos aínda máis rigurosos. Con todo en Allariz, seguindo a tradición, se non se ignoran, sí que se interpretan máis benignamente.

A altura de 1.487 o párroco de S. Esteban manda Carta de aforamen-

to en beneficio dos xudeus para que ampliaran o seu cemiterio.

Igualmente significativo resulta o caso de **Mosé Peres**, xudeu recadador de alcabalas reais en Ourense que, ó ser requerido para que se apartara á Rúa Nova desta cidade, manifesta que el era veciño de Allariz, o que sen dúbida amosa unha maior tolerancia aínda nestas datas na Vila que na capital.

No mesmo senso semella aclaratoria a referencia a **Juan Alfonso Carpintero**, dirixente



A rúa Vilanova, que conduce ó Subcastelo.

da revolta irmandiña en Allariz, que en 1.467 convoca unha fronte común de cristiáns, xudeus e mouros ou mouriscos contra os cabaleiros do reino.

A nova situación político-social de finais de século remata coa Pragmática de expulsión dictada polos Reis Católicos en Granada en 1.492. En Allariz os efectos da mesma deberon ser mínimos por canto a comunidade xudía xa se integrara por conversión masiva ou abandonaran os menos a Vila sen maiores problemas.

A primeira consecuencia desta extinción “oficial” foi a **remoción do “fossar”** ou cemiterio xudeu do Campo da Mina practicada en 1.500, onde “...aparecieron cadáveres sentados en sus sepulcros en forma de silla con hebraicos caracteres en larga cartela funeraria”. Posiblemente polas mesmas datas desmantelouse tamén a sinagoga.

#### 4.- **Pervivencia da tradición xudía:**

A presenza da tradición xudía en Allariz, aínda que máis difusa, man-

terase ó longo dos séculos seguintes. Ó desmantelamento de cemiterio e sinagoga seguíulles a desafectación por parte do Concello. É máis que probable, como afirma Cid Rumbao, que as pedras corran cara abaixo, é dicir, cara ó río e se empregaran na reconstrución da ponte de Vilanova (1.559-1.600) ou no encoro e muiño da Puchina nas inmediacións do

*Luís Gal*



recinto de Vilanova que os cabaleiros da Orde de Malta rexentaron.

No s. XVII o párroco de S. Esteban, **Juan Antonio Conde**, decidiu queimar o arquivo ante as continuas disputas entre cristiáns novos (conversos) e vellos.

Neste mesmo século, co fin de desvirtuar a conciencia xudía, construíuse un **Calvario** no camiño que unía Vilanova co “fosar” ou cemiterio xudeu.

**Mauro Rivera**, secretario do Concello en 1.740, deixounos a primeira descrición do Subcastelo: *“secano, de inferior calidad, cabida tres fanegas, que sirve de pasto al común. Linda E. muralla de la Villa; O., Castillo de ella; N., rio Arnoya y S. dicha muralla”*. De semellante xeito figura no Catastro de Ensenada de 1.749.

Precisións análogas fará **Juan Manuel Mascareñas**, informante de Pascual Madoz en 1.836 para o seu Dicionario Histórico Geográfico de España: *“El Campo de la Mina (cemiterio) es un sitio al ENE- y a cien pasos de la puerta principal de la Iglesia de S. Esteban en donde se enterraban los hebreos que subsistieron en la Villa hasta el s. XVI”*.

Ata 1.840 a Vila contou con cemiterios no adro de cada parroquia. Nesta data construíuse o cemiterio cristián de Vilanova, para o que posiblemente se utilizou pedra da ala N. da muralla e a que quedaba da sinagoga e fossar.

Curiosamente os documentos desta época ó referirse a este cemiterio utilizan o termo “fosario”, o que avala unha influencia mutua das dúas culturas.

Desaparecidas as pegadas materiais, mantivéronse por séculos as actividades económicas, en mans dos agora conversos do barrio de S. Esteban, vencelladas ó curtido, “piliteiros”, zapateiros, tecedores ou oficios menestrais xunto a profesións liberais. Especúlase con que a tradición dos amendoados, gardada polas monxas do convento, teña relación coa colonia xudía.

Un párroco de Santiago, en abril de 1.830, a vista de que as disposicións de Carlos III non surtían efecto sobre os disciplinantes, comentaba: *“Reminiscencias mal extinguidas de la superstición judaica que labró la perfidia hebrea en el Sinaí”*.

Son moitas as testemuñas directas que José Puga aínda tivo ocasión de recoller e que confirma a vixencia da tradición xudía no s. XIX e comezos do s. XX. Ós de S. Pedro seguíaselles a chamar “*rifeños*” pola súa actitude de provocación permanente. De igual xeito ós de S. Esteban se lles coñecía como “*os da sinagoga*”, sendo frecuente o insulto de “*touciños*” ou “*marráns*”, pois comían en público carne de porco para demostrar a verdade da súa conversión.

Tamén na procesión de Semana Santa a figura do Nazareno ía custodiada por dous saíóns vestidos de romanos: o xudeu da corneta, que a máis de este instrumento

levaba na outra man a soga de Cristo e o xudeu da tralla que portaba unha especie de látego. Se chamarlle a alguén “xudeu” xa era un insulto, este multiplicábase se a fórmula utilizada era “*xudeu da corneta*”. En 1.910 produciuse un apedreamento contra estes xudeus da procesión que deu pé ó conseguinte xuízo, sen que ficara claro se as pedras tiñan como destinatarios ós xudeus ou ós seus portadores.

De todo isto, o principal documento que pervive na actualidade constitúe a **Festa do Boi de Corpus** que a Fundación con nome de Xan de Arzúa debe preocuparse non só por conservar senón tamén por investigar e autenticar.

#### Fontes bibliográficas:

AMADOR DE LOS RIOS, José: “Historia de los judíos en España y Portugal” Madrid, 1984.

BARROS, Carlos: “O outro admitido. A tolerancia cara os xudeus na idade media galega”. Universidade de Santiago.

CASTRO, Américo: “España en su historia. Cristianos, moros y judíos”. Barcelona, 1983.


CID RUMBAO, Alfredo: “Historia de Allariz”. Ourense, 1984.

LOPEZ CARREIRA, Anselmo: “Os xudeus de Ourense no s.XV”. Ourense, 1983.

MONSALVO ANTON, J. M.: “Teoría y evolución de un conflicto social. El antisemitismo en la Corona de Castilla en la Baja Edad Media”. Madrid, 1985.


PUGA BRAU, José : “Os xudeus de Allariz”. Ourense, 1996.

SÁNCHEZ ALBORNOZ, Claudis: “España, un enigma histórico”. Barcelona, 1985.



*Barrio de S. Pedro, coa torre da igrexa ao fondo.*





*MAPA URBANÍSTICO  
DE ALLARIZ*

**M<sup>º</sup> ÁNGELES LÓPEZ CORTIÑAS**

Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Prehistoria e Arqueoloxía e Historia Antiga. Actualmente é profesora de Xeografía e Historia en Ensino Secundario.

**CRISTINA VARELA BARRIOS**

Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade Complutense de Madrid. Especialista en Prehistoria e Arqueoloxía. Actualmente realiza traballos no campo de arqueoloxía, destacando os realizados na vila de Allariz.



# A historia do pobo xudeu e o seu reflexo no urbanismo de Allariz

M<sup>a</sup> Ángeles López  
Cristina Varela Barrios

**A**o falar do pobo xudeu non podemos obviar que o seu mundo, a súa cultura, a súa relixión, dun ou doutro xeito, están perto de nós, despois de ter deixado un pouso importante na cultura galega.

A súa impronta foise labrando ao longo da historia a través dun prolongado proceso no que se suceden a convivencia e o rexeito, a asimilación e a marxinação, o amor e o odio entre cristianos e xudeus, tanto a nivel peninsular como a nivel galego.

Este pobo procede de Oriente e habitualmente existe a crenza de que a súa chegada a España e a súa dispersión por toda a Península produciuse coa destrución de Jerusalén no século I d. C.

Sen embargo, podemos remontar a súa presenza ás primeiras etapas históricas nas que fenicios e con toda seguridade xudeus tamén, acometerían xuntos actividades comerciais para as que estaban especialmente dotados, visitando terras galegas na búsqueda de variedade de produtos, especialmente metais. Estableceríanse de xeito temporal en pequenas factorías situadas na costa galega, desde onde mercarían os produtos máis codiciados no mercado.

O historiador romano Estrabón aportará as primeiras noticias que demostran a presenza de hebreos na península, traídos como cativos de Nabucodonosor para os reis hispanos Pirro e Ispano que os asentaron en Andalucía e Toledo.

Sen embargo, a primeira chegada significativa produciuse despois da destrución do Templo de Jerusalén por Tito no século I d. C. co que existiu un exilio forzado de xudeus que viñeron a España. Sen dúbida, moitos de aqueles hebreos que arribaron a Sevilla e Granada, desprazáronse despois até Galiza, deportados, confinados ou en forzoso exilio, dedicándose ao comercio e á explotación das riquezas minerais deste territorio, sobre todo do ouro.

Non consta que houbera intolancia entre os que podemos denominar xa hispano-xudeus e hispano-romanos.

Coas invasións xermanas de suevos, alanos e vándalos, a situación do pobo xudeu permaneceu está-





Primeira etapa.

Balcón de Amoeiro. S. Pedro. 1ª etapa.



bel, ao contrario do ocorrido coa chegada dos visigodos. Os pobos godos estaban orgullosos da súa linaxe e vían nas leis xudías da pureza do sangue un antagonismo.

Por elo, cando abandonaron o arrianismo e abrazaron o cristianismo, convertíronse en grandes perseguidores do pobo hebreo.

O monarca visigodo que tomou serias medidas contra os xudeus foi Sisebuto, que a principios do século VII, despois do III<sup>o</sup> Concilio de Toledo, decretou unhas primeiras leis de separación entre xudeus e cristianos anque as dúas comunidades podían vivir intramuros das distintas cidades.

Os últimos anos do reinado godo caracterizáronse por unha grande inestabilidade social, e os xudeus convertíronse nos chivos expiatorios do malestar xeral.

Por elo, as comunidades xudías apoiaron as invasións árabes, que ao principio os respetaron. Sen embargo, coa chegada dos almorávides e os almohades as persecucións aos xudeus foron sistemáticas, polo que estes fuxiron maioritariamente cara as incipientes xuderías do norte peninsular, como as de Allariz, Ourense, Monforte de Lemos, etc.

O exposto anteriormente documéntase nalgunhas vilas como Allariz, na que, dentro do recinto da muralla e tendo como veciños aos cristianos, habitaban os hebreos unha zona ocupada pola alxama de S. Pedro.



Achámonos pois ante unha primeira fase que poderíamos chamar de integración do elemento xudeu, que se reflicte incluso no plano urbano de Allariz. Todos, cristianos e xudeus, viven protexidos pola muralla do castelo anque nas rúas ou barrios colindantes para evitar problemas ante os diferentes estilos de vida xa que seguindo as leis do Talmud, os hebreos practicaron desde a súa chegada unha tendencia ao aillamento civil, organizándose autónomamente en torno á sinagoga e á autoridade do xefe maior ou rabino.

Estos feitos estaban ocorrendo en Allariz, na xudería de S. Pedro, que se extendía polas zonas da Lombarda, Arroleiro, S. Lázaro, terminando na porta de Vilanova e o Portelo da Barreira.


Se a xudería, situada intramuros da vila, era o lugar de habitación desta comunidade, non podemos esquecer que a súa existencia non estaría completa sen un lugar de oración, a sinagoga, e un lugar de enterramento, o ferrar. Ambos situaríanse na actual área da parroquia de S. Estevo, sendo desmantelados polos cristianos tras a expulsión ou conversión dos xudeus no século XV.

Pero a organización social da España cristiana medieval foi provocando novas oleadas de antixemitismo tanto no sector dos viláns que descargaban o seu odio contra os xudeus como no sector dos nobres, que sentían certa envexa polos favores que recibían dos reis algúns xudeus



*Sub-Castelo. 2ª etapa.*

*Segunda etapa.*





Sto. Estevo. 3ª etapa, conversos.  
Terceira etapa.



que ocupaban postos de relevancia: recaudadores, prestamistas, médicos, asesores.

A elo se lle suma a actuación da igrexa, que no século XIII irrumpe tomando medidas contra as herexías e presionando á poboación xudía.

É o momento no que a xudería de S. Pedro desaparece do centro de Allariz, sendo obrigada a

comunidade, seguindo as leis de apartamento, a se trasladar ás casas da zona do Sub-Castelo, situadas ao longo da rúa que conducía á Sinagoga, e polo bairro do Couto.

As dúas zonas, a do Sub-Castelo e o Couto, atopábanse fora das murallas de Allariz. Estaríamos ante unha segunda etapa de segregación do elemento xudeu.

A situación dos xudeus vai pois

decaendo paulatinamente, e a fins do século XIV o antisemitismo estaba moi desenrolado tanto en Galiza como no resto de España.

En 1492 promúlgase a pragmática de Valladolid, que prohíbe aos xudeus exercer cargos públicos e profesións, suprímense os seus tribunais, prohibese-lles relacionarse con cristiáns e obrígase-lles a levar un distintivo visíbel. Estas trabas fundiron as comunidades hebreas e precipitaron unha decadencia da que nunca conseguiron saír.

O 31 de Marzo de 1492, tras a toma de Granada polos Reis Católicos, publicouse o edicto de expulsión ou conversión total, asinado por Torquemada, inquisidor xeral do Santo Oficio.

No caso de Galiza, e en concreto de Allariz, poucos foron os xudeus que se foron a outros países, solucionándose o problema coa conversión da maioría ao cristianismo.

Incrementaríase logo o número de conversos na vila alaricana trasladando a súa residencia á zona de S. Estevo ao tempo que asistían ao doroso proceso do desmantelamento da súa sinagoga e o fosar, que pasaron a pertencer ao Concello, e á desconfianza e recelo dos chamados “cristianos vellos”.

Pasados os séculos, a pegada deixada por esta comunidade en Allariz pode rastrexarse a través da toponimia, costumes e festividades, algúns apelidos, certos oficios, a estrutura urbanística e constructiva dos barrios citados anteriormente..., pero tan só o lento trascorrer da historia logrou que Allariz perdera a memoria que distinguía aos cristiáns vellos dos conversos.

### Bibliografía

- Cid Rumbao, Alfredo: “Historia de Allariz”. Ourense, 1984.
- Onega, José Ramón: “Los judíos en el Reino de Galicia”. Madrid, 1999.
- Puga Brau, José: “Os xudeus de Allariz”. Ourense, 1996.
- Santoni, Eric: “El Judaísmo”. Madrid, 1999.
- Carballo, Francisco; Senén Felipe; López Carreira, Anselmo: “Historia de Galicia”. Vigo, 1992.



*Os Rabinos tocaban o shofar para anunciar as festividades.*

Torab.



**ANSELMO LÓPEZ CARREIRA**

Vigo, 1951

Licenciado en 1976 e Doutorado en 1994 pola Universidade de Santiago, é Catedrático no IES “María Soliño” de Cangas e Profesor-Tutor na UNED-Ourense.

O seu campo de investigación centrouse na Baixa Idade Media, preferentemente nos temas das Irmandades, o mundo urbano e a edi-

ción de fontes documentais sobre os que ten publicados numerosos libros como *A Revolución Irmandiña* (Galiza Editora, 1987), *Os Irmandiños: Textos, documentos e bibliografía* (A Nosa Terra, 1991), *Ourense no século XV* (Xerais, 1991), *A cidade medieval galega* (A Nosa Terra, 1999), *Cangas na Idade Media. Estudio e documentación*

(Concello de Gangas, 1999), así como numerosas ponencias e artigos, entre eles “*Os xudeus de Ourense no século XV*” (Boletín Auriense, 13, 1983).

Ten participado en senllos manuais colectivos de *Historia de Galicia* (1979 e 1991) e nunha *Historia Xeral de Galicia* (1997).



# A comunidade xudía de Ourense na idade media

Anselmo López Carreira

Q
 uo entramado da sociedade medieval, coa súa característica variedade de xurisdiccións e códigos, a comunidade hebrea non deixa de ser un dos múltiples agrupamentos socio-profesionais en que aquela se organiza. Mais o certo é que, entre todos eles, aparece especialmente particularizada; ante todo pola relixión, que a mantén como unha illa no océano cristián.

Este elemento superestructural dótaa de enorme compacidade, reforzando a tendencia que xa de por si actúa durante a Idade Media sobre cada un dos grupos sociais -visible tamén nas confrarías relixioso-profesionais cristiás-, pero seguramente é aquí onde se manifesta con máxima intensidade. Entre os xudeus, en efecto, establécese unha forte solidariedade

grupal sobre os alicerces da relixión, que os convirte en minoría sinalada, para ben e para mal, como elixidos e como vítimas.

Os lazos así creados son unha das claves da súa eficacia económica no incipiente mundo dos negocios, poñendo á súa disposición unha excelente infraestrutura extendida a través de longas dis-

tancias. Non sabemos ata onde alcanzaban os contactos dos xudeus ourensáns, pero podemos seguir as súas primeiras etapas. Deixando á parte aos recadadores de impostos (entre os que Iudá Pérez é o máis asíduo) -procedentes todos de fóra-, atopamos de paso pola cidade a xudeus de Ponferrada e de Ribadavia, que atoparían acollida



*Estuche da circuncisión.*



*Circuncisión de Xesús. Retábulo Maior da Igrexa da Nosa Señora do Portal, Ribadavia.*

entre os seus correligionarios da cidade. En 1470 estaban aquí retidos Gonzalo Marco, Xacó Lión e Mosé, fiadores do fuxido Nicolao (veciño de Ribadavia), que logo retorna para liberalos.

Se entre os grupos profesionais cristiáns era espontánea a tendencia a ocuparen un espazo urbano contíguo, procurando morar na mesma rúa, tiña esta que ser aínda máis intensa entre unha comunidade de tan marcada personalidade. A sinagoga, na Rúa Nova, era o núcleo ao redor do que se instalaban de forma bastante compacta.

Sen embargo non se pode falar con propiedade de barrio xudeu en Ourense, tanto porque en todo tempo, debido ao limitado número de xudeus, viviron nela tamén moitos cristiáns, como porque ata 1487 algúns deles habitaban fóra desa rúa. Nos requerimentos municipais de “apartamento” do 3 de xullo de 1484 e 22 de maio de 1487 comprobamos, en efecto, que se cita a varios xudeus para que se trasladen á Rúa Nova. Por outra parte en varios padróns de veciños do s. XV atopámoslos concretamente na Rúa dos Arcediagos (no ano 1428), na da Praza (en

1470), na das Tendras (en 1483 e 1484) e na da Pixotaría (en 1487). A partir dese ano fatídico si que todos os xudeus -que xa eran menos- se viron obrigados a residir alí... por pouco tempo, pois logo chegaría a expulsión de 1492.

#### **Fontes para o coñecemento da xudería ourensá**

Os datos referentes ás xuderías medievais galegas son moi escasos, en certa consonancia coa súa propia modestia e, sobre todo, cos avatares padecidos pola nosa documentación municipal, dos que saíu moi perxudicado un grupo social tan caracteristicamente urbano como eran os xudeus. Pero aínda son moito máis escasos -case inexistentes- os anteriores aos século XV: practicamente redúcense estes aos restos arqueolóxicos atopados na Coruña (a lauda sepulcral de dona Seti, hoxe no Museo Arqueolóxico Nacional de Madrid), un par de breves citas do século XI no Tombo de Celanova e un documento de Allariz do ano 1289.

No século XV dispoñemos, é certo, dun volume aceptable e, sobre todo, dabondo compacto, para traxer rasgos firmes da vida desa comunidade, pero incluso entón isto só é aplicable á cidade de Ourense. Sabemos con certeza que había xuderías noutras poboacións: unha derrama tributaria ordenada pola Coroa en 1464 cita, ademais desta, as da Coruña, Betanzos, Ribadeo, Monforte, Ribadavia e Baiona, e por outra vías cóstanos a presenza de





xudeus en Allariz; pero a lamentable perda das actas municipais e rexistros notariais (así como a inexistencia de prospeccións arqueolóxicas) prívanos dos medios de aproximación.

Ourense constitúe a excepción. Por razóns sen dúbida aleatorias, esta cidade conservou unha cantidade e unha calidade excepcional da súa documentación baixomedieval. Nos dous arquivos en que se custodiaba case toda –o catedralicio (ACO) e o Histórico Provincial (AHPOu)– atopamos un número considerable de documentos. A maioría das referencias proceden dos fondos municipais, ben das propias actas do Concello (os *Libros de Acordos*, redactados polo notario Álvaro Afonso), ben dos seus particulares *libros de notas*. En cambio son extremadamente dispersos no ACO, de onde tan só nos chegan noticias esporádicas –algunha de gran valor–, tanto nos contratos suscritos con particulares como nas actas capitulares, se ben tamén nalgunha ocasión conforma series cronolóxicas compactas, como é o caso dos vintenove contidos no libro do notario da cidade Álvaro Afonso, do ano 1434. A todo isto compre engadir o fragmento dun rexistro notarial de 1490 que se atopa no Arquivo Histórico Nacional de Madrid (AHN).

En conxunto, a documentación que nos fornece información é esta:

1) ARQUIVO DA CATEDRAL DE OURENSE (ACO):  
*Notas de Álvaro Afonso*  
*Fragmentos de Notarios*, D e E I

*Notas de Estevo Pérez*, V e VI  
*Notas de Gonzalo Aurario*, II  
*Notas de Roi Fernández da Somoza*, III  
*Notas de Xoán Fernández de Nogueira*  
*Protocolos de Xoán García*, II  
*Notas de Gonzalo Núñez*  
*Escrituras*, XV e XVIII  
*Clérigos do Coro*  
*Libro de Posesións do Cabido de 1454*  
*Libro de Posesións do Cabido de 1501*

2) ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE (AHPOu):

*Libros de Acordos do Concello*, I, II, III, IV e VI  
*Rexistro de Xoán García*  
*Marqués de Leis*, Carp. 30  
*Caixa 1*  
*Padróns*

3) ARQUIVO HISTÓRICO NACIONAL - Madrid- (AHN):

*Notas de Xoán García (1490)*

Parte da documentación está publicada nas seguintes obras:

M. CASTRO e M. MARTÍNEZ SUEIRO, *Colección de documentos del Archivo de la Catedral de Orense*, Ourense, 1914-1923.

X. FERRO COUSELO, *A vida e a fala dos devanceiros*, II, Vigo, 1967.

A. LÓPEZ CARREIRA, *De Ourense medieval. Rexistro de Xoán García (1484)*, Ourense, 1993.

----- “Contribución ó estudo da xudería ourensá baixomedieval”, *Xudeus e conversos na Historia*, Santiago de Compostela, 1994.

----- *Padróns de Ourense do século XV*, Santiago de Compostela, 1995.

Á parte destas obras de edición de fontes, a xudería ourensá foi estudada en varias publicacións, de maneira monográfica ou incluída en visións de conxunto:

B. FERNÁNDEZ ALONSO, *Los judíos en Orense*, Ourense, 1904.

J.R. ONEGA, *Los judíos en el Reino de Galicia*, Madrid, 1981.

A. LÓPEZ CARREIRA, “Os xudeus de Ourense no século XV”, *Boletín Auriense*, Ourense, 1983.

----- *Ourense no século XV. Economía e sociedade urbana na Baixa Idade Media*, Ourense, 1991.

----- *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*, Ourense, 1998.

## O espacio físico da xudería

A reducida comunidade hebrea ourensá residía ata 1487 (ano en que se efectiviza a súa marxinaación definitiva) en diversas rúas da cidade, aínda que de certo se concentraba preferentemente na Rúa Nova, onde a partir desa data se houbo de limitar por forza ata a expulsión de 1492. Pero debido á súa modestia demográfica nunca a ocupou en exclusiva nin moito menos; mesmo nesa rúa a





poboación cristiá seguiu a ser sempre maioritaria. Por iso non se pode falar con propiedade de barrio xudeu en Ourense.

Aceptaremos sen embargo que o asentamento máis nutrido de xudeus na Rúa Nova facían desta un lugar peculiar, caracterizado pola súa presenza. Aí estaba, de feito, o edificio máis representativo, a sinagoga.

Era esta unha pequena construción, circunscrita ao solar dunha casa, como perfectamente se aprecia nos deslindes, nos que aparece situada entre outros edificios ou solares que a cercaban polas tres bandas; espacio polo demais suficiente para atender o culto da comunidade. O solar abondaríalle mesmo para dispoñer (seguramente detrás) dunha hortiña cun pozo (segundo se deduce dun documento posterior). O inmovible era propiedade do Cabido, que llo aforaba por 3 mrs. longos anuais, como consta no *Libro de Posesións do Cabido* do ano 1453: *“Iten porla signagoga tres mrs. logos que son tres mrs. e dous cornados curtos ..... III mrs. II cors.”*

Acerca da ubicación exacta orixináronse varios equívocos xa desde vello, pois nunha nota engadida no s. XVII a un foro de 1395 *“dizen que estava”* saíndo da Rúa Nova pola Porta do Concello, inexactitude non maior que a de adxudicarlle o enorme solar, a todas luces excesivo, ocupado hoxe pola igrexa de Santa Eufemia e o Seminario Conciliar,

como facía B.F. ALONSO en publicación de 1922 e recollían en 1992 E. BANDE e J. C. RIVAS.

Estaba xustamente na outra beira da rúa, lindando alomenos por un dos lados cun solar no que logo se edificou unha casa e topando no fondo con outra casa que abría as súas portas á Rúa dos Arcediagos, como se ve no foro realizado en 1474 dunha casa nesa rúa que *“detrás entesta enna sinoga dos judios”*.

O emprazamento exacto estaría moi perto da canella que subía desde a Rúa Nova para a dos Zapateiros (atravesando o Eiró), separado dela tan só por ese solar recién citado, pois fálasenos de *“hun paredeyro que esta en Ourense a par da signagoga dos judeus /enna canela que vay/ indo da Rua dos Çapateiros para a Rua Nova”*, aínda que non podemos precisar en cal das marxes se atoparía.

Nin que dicir ten que deixou de cumprir o seu papel relixioso en 1492. En 1501 estaba en poder do escudeiro e rexedor Roi de Puga, que fixera de novo a casa, indicándose que dispoñía do dito pozo e que ademais agora se habilitara nela un forno. Con B.F. ALONSO seguímoslle a pista deica 1555, pero na actualidade non se aprecia rastro material dela.

Aínda menos ficou do cemiterio xudeu, daquela forzosamente ben notorio, pero do que non existe constancia documental nin tan sequera sospeita acerca do emprazamento.

## Efectivos demográficos

Ao igual que as demais de Galicia, a xudería ourensá era tamén pequena, a pesar das mitificacións elaboradas sobre este tema, quizais polo hermetismo en que a historia o pechou. A opinión de que nesta cidade a comunidade hebrea podía ter constituído “se non a metade do vecindario, polo menos unha boa parte” [B.F. ALONSO, *Los judios en Orense*, 10], ademais de ambígua é unha absoluta desmesura.

Na propia Rúa Nova, onde se concentrou sempre a maior parte da súa poboación e a totalidade desde 1487, non pasaron de ser unha reducida minoría, xa que no momento en que semellan ter sido máis non pasaban do 15 % do total dos veciños desa rúa.

Unha primeira idea acerca da súa relevancia farémola observando o que a xudería ourensá, xunto coas de Monforte e Ribadavia, cotizaba no repartimento da Coroa de 1464, pois ás tres xuntas correspondíanlles 2.000 mrs., que podemos comparar cos tamén 2.000 asignados á de Astorga por si soa, os 4.600 á de Ponferrada, 8.000 á de Murcia ou 12.000 á de Avila. E estamos falando xa dunha época en que as outrora grandes comunidades peninsulares se atopaban en decadencia definitiva.

Volvendo agora sobre a nosa propia documentación, estamos en condicións de confirmar a modestia demográfica da xudería ouren-



sá. Aínda tendo en conta os consabidos ocultamentos e exclusións de todo tipo propias destes censos, as porcentaxes de veciños xudeus móvense a uns niveis ínfimos e sen saltos chamativos. Os datos expóñense no seguinte cadro:

Porcentaxes de veciños xudeus

|      | % veciños | total |
|------|-----------|-------|
| 1454 | 1,4       | 45    |
| 1455 | 1         | 32    |
| 1470 | 3         | 46    |
| 1483 | 1,4       | 29    |
| 1484 | 2         | 43    |
| 1487 | 0,6       | 10    |
| 1488 | 1,4       | 22    |
| 1490 | 0,9       | 15    |
| 1491 | 0,8       | 13    |

Engadamos para completar a panorámica que no censo de 1428 figuran dous veciños xudeus na Rúa dos Arcediagos, onde nunca máis os volveremos atopar, o que nos fai pensar que a pobaación xudía sería máis elevada a principios da centuria. Respecto ás oscilacións que se aprecian convén non perder de vista os factores aleatorios capaces de distorsionar uns resultados baseados, ao fin e ao cabo, en magnitudes tan reducidas.

Tomando todo isto en consideración cabe resaltar o tamaño reducido da comunidade hebrea ourensá, composta por unhas dez familias cara a mediados de século e apenas tres no momento de decadencia, que se precipita a partir de 1484, cando se comezan a adoptar medidas de marxinação por parte da nova monar-


quía. Nos anos inmediatamente anteriores á expulsión o número de xudeus iríase xa reducindo inexorablemente a causa das conversións ao cristianismo, acerca do cal temos algúns indicios que logo comentaremos.

### Actividades profesionais

É un lugar común a especialización dos xudeus nas actividades capitalistas e, en concreto, nas directamente relacionadas coa circulación do diñeiro, como o arrendamento do cobro de impostos, o cambio e o préstamo. Confirmaremos plenamente tal dedicación na nosa cidade, mais sen restarlle importancia a outras ocupacións.

As preferencias profesionais dos ourensáns coinciden coas que por todas partes se lles recoñecen. De entre os oficios artesanais que a nosa documentación cita destaca con ventaxa o da xoiería, no que traballan seis prateiros e ourives (incluíndo un converso), e moi cerca deles, como metalúrxico especializado (pero xa non tan arquetípico), un posible armeiro. Por último, o tecelán e o zapateiro exercen uns oficios nos que, ao contrario dos anteriores, son minoría insignificante entre aos cristiáns.

Outro dos seus campos preferentes constituía a sanidade. En 1484 o cirurxián Rabí Iudá intentaba curar ao escudeiro Álvaro Paradela, que *“estava mortal e tal que a seu creer estaba peligroso”*, aplicándolle os seus sabe-



Colgante medieval xudeu.

res e medicinas. Tamén lles era moi propia a profesión de albeitar (veterinario), tradicionalmente detentada por eles durante moito tempo, na que sabemos de dous, ambos igualmente en 1484, precisamente as únicas persoas dedicadas a ela que localizamos en todo o século na cidade.

Pero é sen dúbida a súa especialización capitalista o que máis chama a atención. Primeiramente porque nos preguntamos ata que punto son homologables co estereotipo acuñado pola historia; tamén porque eran xudeus os que practicaban sistemas de crédito máis avanzados no comercio viti-vinícola.

Deixaremos algo de lado aos recadadores, porque a pesar de seren xudeus case todos e bastantes os nomes chegados a nós, en cambio non eran ourensáns, pois, traballando para a Coroa no arrendamento e cobro de pedidos e alcabalas,



viñan de fóra e, para facer posible a súa misión, os encargados das máis amplas circunscricións cedían, mediante os poderes oportunos, os cobros locais, poñéndose así en contacto con veciños da cidade, mesmo cristiáns. Por exemplo, o 20 de agosto de 1437 Salomón Baquix, recadador de todo o arcebispado, outorga poder para o bispado de Ourense a Iudá Pérez e a principios do ano seguinte, o 14 de xaneiro de 1438, presentan poder para proceder ao subarrendamento do cobro das alcabalas da cidade conxuntamente Salomón Mollero, de Ponferrada, e o xuíz e notario cristián Afonso Enríquez, en aparente compañía.

Para cumprir a súa misión comprálles botar tempo na cidade, o que ás veces obrigáboas a residiren nela durante períodos moi dilatados ou inclusive a se aveciñaren durante varios anos, como debeu facer Abraán Cominero en 1446, chegado coa misión de recadar as alcabalas de 1445, para o que en decembro de 1446 fixo avinza co Concello por un período de cinco anos. Iudá Pérez e o seu fillo Abraán de Lión eran recadadores das alcabalas da cidade e bispado e mahordomos dos condes de Santa Marta. O primeiro -a quen tamén se cita en 1449 como "contador" do conde- andaba xa por aquí en 1432 e seguía (a non ser que fose outro) en 1488, de maneira que este último ano o Concello lle daba -por certo en perxuízo seu- trato de veciño. O fillo, con poder do pai para actuar (parece que estaba aínda máis instalado), resi-

diu alomenos entre 1434 e 1451: en 1436 presentábase como recadador das alcabalas dese ano e en 1451 recibía poder como recadador de pedidos atrasados.

Ambos exercían ao mesmo tempo como prestamistas, actividade, polo tanto, estreitamente vinculada á de recadador, amosándonos así unha forma de converter en beneficios os impostos cuxo cobro arrendaban. Nunha ocasión, polo demais absolutamente inusual, o préstamo que fai Iudá ten como garantía explícita por parte do que o recibe a súa terra. Dous meses despois concede outro, presentándonos un peculiar sistema de compra adiantada da colleita de viño, xa que é neste produto no que o acreedor se compromete a facer efectiva a devolución. Desde o punto de vista formal o mercador xudeu adiantalle unha determinada suma de diñeiro ao produtor, que se compromete a entregar cando sexa a vendima a cantidade de viño acordada ao prezo do mercado (polo que o diñeiro recibido previamente debe supoñer unha aproximación a axustar despois). En varios documentos a operación aparece claramente expresada desta maneira, como un acuse de recibo por parte do produtor, pero noutros preséntasenos como un préstamo, no que a produción fai de garantía.

Baixo calquera aparencia, o que chama máis a nosa atención é o feito de atoparnos ante algo moi semellante ao sistema polo cal, no mundo industrial, o capitalista (neste caso o xudeu), ao mercar

por anticipado a produción, en boa medida a dirixe, animando ao labrego a un tipo determinado de cultivo, aquel que o mercado esixe, ao tempo que lle facilita o capital necesario para manter a explotación. Tal operación convérteo en dono do produto, sendo el quen se beneficie logo da exportación e das oscilacións do mercado.

A fórmula reaparece noutros cinco contratos, dos que ún é asinado por Abraán de Lión e o resto polos prateiros Salomón e David. Tamén é prateiro Mosé de León, quen prestara diñeiro a un cristián en 1455.

Con prendas retidas como garantías dos créditos e con diñeiro recibido en depósito, efectuaban operacións de maior envergadura, acerca das cales temos moi pouco información. Nin sabemos, desde logo, que tipo de asociacións mercantís podían constituir -o cal parece ser unha situación común a toda Europa-, nin con certeza o que estaba a facer en Portugal David: o caso foi que alí, en xullo de 1441, tomáronlle por certa represalia o equivalente a un valor total de 2.596 mrs., entre diñeiro que levaba depositado de varios xudeus ourensáns e unha prenda que retiña dun meiriño por un préstamo.

Mais no mundo dos negocios non só se adicaban directamente ao tráfico monetario. Isaque Rodriga consta como mercador en 1484, e o albeitar Xacó tamén se debía ocupar do comercio, porque tiña débedas en 1459 e 1483, esta última de 2.600 mrs. pola compra de roupa, demasia-



do diñeiro para tratarse de consumo propio.

Naturalmente existían diferencias socio-económicas dentro da propia comunidade. Estructuradas profesionalmente nas mesmas categorías que o resto da poboación, tamén entre eles había mestres e criados en ambos extremos da xerarquía. Salomón Castela era mestre no seu oficio -probablemente tecelán ou prateiro; en cambio Xacó Vilamarín era criado do recadador Mosé Pérez.

Pero o certo é que aínda sospeitando que tamén debía haber xudeus en situación económica apretada, a documentación non os descobre. Todo o contrario, no padrón da encomenda de 1454 mesmo as viúvas figuran cotizando cantidades que as sitúan nun nivel de cómodo desafogo, e o zapateiro, que semella ter o oficio máis modesto, incluíriase entre os veciños afortunados. Os demais están en condicións semellantes ou mellores. Tanto a denominada “xudía de Monterrei” como unha “dona xudía” cotizaron 6 mrs., o que xa de por si é dabondo, e máis aínda se temos en conta as reducións de que se beneficiaban as viúvas. Entre os homes correspondíanlle ao zapateiro 10 mrs., e por debaixo del tan só se situaba Abraán Vello, con 6 mrs., en tanto que Samuel de Ribadavia pagaba 10, Samuel de Lión 13 e David 15.

O Concello era consciente dos beneficios reportados á cidade por un grupo tan activo e rico, e por iso as sisas de 1439, que gravaban a todo veciño que a quixese

abandoar con 12 mrs. para a obra da Ponte, eran para eles o dobre de pesadas, coa intención de evitar a súa marcha... ou alomenos para aproveitar a súa riqueza en caso de insistiren.

De feito obtíñanse beneficios alén dos que reportaba o seu traballo. David contábase entre os veciños que en 1455 emprestaran diñeiro para seguir a causa sostida pola cidade contra o bispo, e Mosé Marcos tiña unha avinza co Concello nada menos que de 600 mrs. anuais. Con todo, non faltou o caso de que as autoridades municipais, pese ás boas relacións imperantes, cargasen o peso tributario máis do aceptable; por exemplo en 1432, provocando a protesta colectiva dos xudeus, que denunciaban un exceso de 10 mrs. por persoa en certa “talla”, asegurando que ningún a pagaría. Debeu ser precisamente por iso ou por algo semellante polo que en 1434 se acordou a presenza de observadores propios no reparto dos impostos.

### Organización da xudería ourensá

É moi pouco o que trascende sobre este tema a través da nosa documentación. No ámbito territorial inmediato á cidade é unha noticia de Allariz a que nos aporta o primeiro dato: a existencia dun Xudeu Maior, que representa publicamente á comunidade. En efecto, enteíramonos de que no ano 1289, na resolución dun contencioso xurrido nesa vila cos cristiáns, interviña Isaque Ismael, “*xudeo maior*”.

No século XV posiblemente habería unha figura semellante en Ourense, que sustentaría a súa autoridade na función relixiosa de que estaba investido, pois a sinagoga era o punto central da súa existencia colectiva. Algo sobre isto nos chega a través dun documento de 1459, que dá a impresión de ter estado a punto de desvelar de todo a cuestión. Unha denuncia por certas faltas cometidas por uns franceses contra a sinagoga foi presentada ante o Concello por Abraán Vello, quen, polo tanto, parece actuar en nome da comunidade. Pero as inoportunas roturas do papel impídenos acceder a outros detalles posiblemente reveladores.

Era asemade no terreo relixioso onde se atopaban as medidas compulsivas aplicables dentro dos seus propios límites, é dicir, sen recorrer á autoridade común da cidade. En 1457 suscitárase unha pelexa entre xudeus, con agresión a unha muller, polo que a instancias do seu marido e dos xuíces árbitros se decreta a excomuniación na sinagoga.

De feito os xudeus, que como veciños estaban suxeitos ás cargas fiscais da cidade con respecto á Coroa, tiñan un “colledor” propio, e acordouse ademais que, para evitar abusos, escollesen tamén un “reparador” *“pera que vise ontre eles os ditos repartimentos, e o que vise que fose agraveado que o desagravease”*. En 1434 o cargo recaíu en Barselai, que era “colledor” na Rúa Nova polos xudeus, e



lembrábase que o de haber “reparador” era *“uso et costume, por quanto en este pedido que se agora reparara non se vera ao dito repartimento judio nebuun”*.

### As relacións co resto da sociedade

Temos xa calificado de cordiais as relacións entre as dúas comunidades relixiosas da cidade, e a tolerancia está xeralmente admitida como rasgo característico en toda Galicia, nunha sociedade xa de por si compartimentada como era a feudal. A naturalidade con que ao longo da maior parte do século se aceptaban por parte da maioría cristiá as peculiaridades da minoría xudía en absoluto nos farían presaxiar as dramáticas medidas adoptadas polos Reis Católicos.

Cando en 1434 se establece a fiscalización da derrama de impostos entre a comunidade por parte do citado “reparador” xudeu, nin se cuestiona que este fará *“juramento en sua ley”*, conforme viña sendo costume, e aínda en 1467, tan pouco tempo antes deses drásticos cambios, continuaba a ser a fórmula legal que respaldaba coa súa forza os compromisos: este ano, con ocasión do arrendamento das alcabalas do couto de Ceboliño, prestaron xuramento Xoán de Belmonte e o recadador Abraán Abensalade, tomándose do primeiro co sinal da cruz *“e do dito recadador aos des mandamentos de sua ley, segundo forma de dereito”*.

Diciámos que o Concello procuraba retelos na cidade por motivos económicos. Sen embargo a cidade chegaba a asumir perdas, pois non refugou -nunha actuación moi acorde co papel proteccionista propio daqueles concellos- resarcir a David polos 2.596 mrs. que lle foran requisados en Portugal.

Á marxe dos intereses, os xudeus eran tratados como calquera outro veciño, sen que apreciemos ningunha diferenza respecto aos demais. Non existe indicio de que os xuíces se houberen mostrado nunca parciais contra eles en causas que os enfrontasen con cristiáns, e cando en 1442 xentes de Pedro Díaz de Cadórniga saquearon a sinagoga e asasinaron a un veciño xudeu, non só o Concello denunciou os feitos, senón que o bispo excomulgou ao Cadórniga, sendo logo os propios xudeus os que o exculpen de responsabilidade directa e soliciten o levantamento da pena.

A boa veciñanza superaba inclusive os marcos institucionais e revélase no trato cotián entre xentes de ambas comunidades. Un dos poucos exemplos ofrécenolo a asistencia de xudeus á voda dun fidalgo cristián en 1457, na que coinciden con *“fidalgos et donas”* e na que estes precisamente, como amigos dos convidados, exercen os seus bos oficios para apaciguar certa disputa xurdida entre un par de familias xudías.

Equidade institucional e contactos pessoais estannos a falar dunhas relacións nada conflictivas; mais tampouco se nos ocul-

tan as diferencias obxectivas que os separaban, pois eran notables, e ocasionalmente chegábanse a producir altercados.

Do ambiente danos unha idea moi plástica o citado documento de Allariz do 20 de xuño de 1289, xa que consiste nunha avinza prohibindo a interferencia recíproca nos actos relixiosos, do que se culpa concretamente aos xudeus, *“porque se non mofen e non haya bi camerias nin ruindades nin des-aguisados, como de costume”*.

En Ourense aconteceu algo semellante. En abril de 1441 estaba preso o prateiro Mosé Pérez en espera de que se vise a súa causa *“por rason que disera yrisia e infamia contra deus e Santa Maria disendo que Santa Maria que parira tres veces”*.

A controversia relixiosa era campo propicio para os roces, pero nunha ocasión percibimos un antixudaísmo tal vez máis enraizado, aínda que non se manifesta en ourensáns, senón nuns franceses de paso pola cidade, hospedados na alberguería da Rúa Nova, que na noite do 19 ao 20 de abril de 1459 se achegaron á sinagoga e a agraviaron ensuxando na súa porta, polo que Abraán Vello presentaba denuncia ante os xuíces.

Episodios de violencia, como vimos, non faltaron. Pero o citado saqueo da sinagoga de 1442, sen negar a agresividade cara aos xudeus por parte dos autores e o manifesto ánimo de lucro, é preciso incluílo no contexto dos enfrontamentos políticos do



momento, máxime cando igualmente se produciron vítimas entre os veciños cristiáns.

Tal panorama foi o predominante ata a subida ao trono dos Reis Católicos. O proxecto político destes, a construción do chamado “Estado Moderno”, fortemente autoritario e intransigente en materia relixiosa, fixo cambiar as cousas para a comunidade xudía de forma cada vez máis dramática.

Formando parte dun proceso en marcha durante todo o século, as conversións cara ao cristianismo ían xa mermando a comunidade hebrea. Non é doado localizar aos conversos. Hai motivos dabondo para pensar que o eran Xoán Fernández (sobriño de Abraán) e Diego López (fillo de Iudá Pérez), pois mantiñan lazos estreitos cos xudeus, pero os seus nomes xa non o son. Coñecemos con seguridade a Pedro Sánchez e a Xoán de Maceiredo, que expresamente constan como *cristiáns novos* no censo de 1504.


As desercións debéronse acelerar conforme aumentaban as medidas de marxinación. En 1484 faciase público o decreto adoptado nas Cortes de Toledo que obrigaba aos xudeus a residir exclusivamente na Rúa Nova, dirixíndose expresa-

mente a varios que tiñan fóra dela as súas moradas. Sen embargo as autoridades locais foron laxas na aplicación, pois a orde debe repetirse, máis amplamente, en 1487, denunciando precisamente os novos responsables municipais (é digno sinalar unha profunda renovación dos membros do Concello entre ambas datas) que o mandamento non se tivese levado a efecto antes. Agora foi efectivo. Tan só dous xudeus se resistiron a acatalo, os recadadores Mosé e Iudá Pérez, sobre os que se insiste o ano seguinte, e ao que eles se volven a negar, alegando non estaren avecindados na cidade. Ambos, en efecto, levaban moito tempo vivindo en Ourense, e Iudá Pérez tivera con anterioridade casa aforada na Rúa Nova. Agora manifes-

tan seren veciños de Vilafranca e de Allariz, respectivamente, e teren xa trasladado de Ourense ás súas familias.

Ignoramos todo acerca das repercusións do decreto de expulsión de 1492 na nosa cidade. É outro lugar común que en Galicia todos os xudeus -os poucos que aínda había- se convertiron e ficaron.

Aparecería entón o problema dos conversos. Sintomaticamente no citado padrón de 1504, á marxe deses dous nomes de cristiáns novos figura a palabra “ojo”, tenebrosa advertencia que algunha pluma rigorosa engadiu con letra diferente.




*Menorá: Candelabro de sete brazos, símbolo tradicional do xudaísmo. Tense acesa durante as vinte e catro horas por considerarse como o lume eterno, créndose que cando Deus se apresentou a Moisés no monte Sinai, fíxoo sobre un almendro con sete ramas ardendo. Reflicte no mundo da Cábala xudía os dez Sefirot. Zacarías considerou que as sete emanacións de Deus corresponden aos sete “ollos do Señor”, (4: 1 - 14).*



**Relación dos xudeus e conversos presentes na documentación ourensá (\* conversos)**

|  |   |
|--|---|
| ABRAÁN, fillo de Salomón <i>o vello</i>  | RABÍ SAMUEL, recadador  |
| ABRAÁN, sobriño de Xoán Fernández  | RICA DE SAMILLÁN, muller de Abraán Abarca                         |
| ABRAÁN ABARCA, prateiro  | * (?) RUI DE BACEIREDO  |
| ABRAÁN ABENSALADE, recadador   | SALOMÓN, tecelán  |
| ABRAÁN COMINERO DE VILLALÓN, recadador   | SALOMÓN, prateiro   |
| ABRAÁN DE ALLARIZ  | SALOMÓN CASTELAO, mestre  |
| ABRAÁN DO CAMPO  | SALOMÓN DE SAN MILLÁN, mestre, veciño de Ponferrada               |
| ABRAÁN PÉREZ DE LIÓN, fillo de Iudá Pérez, mordomo do conde de Santa Marta   | SALOMÓN MAIORGANO   |
| ABRAÁN RODRIGA, veciño de Allariz, recadador de alcabalas  | SALOMÓN MOLLERO, veciño de Ponferrada                             |
| ABRAÁN SENEOR, recadador   | SALOMÓN O VELLO, pai de Abraán                                    |
| ABRAÁN VELLO   | SALOMÓN VAQUIX, recadador no arcebispado, tío de Xento Aben Farax |
| ABRAÁN BENVENISTE, recadador   | SAMUEL  |
| ALEGRÍA  | SAMUEL ALBEITAR   |
| BARSELAI   | SAMUEL CIANO, prateiro  |
| CARLOS   | SAMUEL DE LIÓN  |
| CARRASCO   | SAMUEL DE RIBADAVIA   |
| ÇINFA, dona  | SANTO CAZO  |
| DAVID, prateiro  | SANTÓN CORCOS, veciño de Ponferrada                               |
| * DIEGO LÓPEZ DE ASTORGA, fillo de Iudá Pérez  | SAUL, armeiro   |
| DON OURO, muller de Samuel Ciano   | XACÓ ALBEITAR   |
| DONA XUDÍA   | XACÓ CABALEIRO  |
| DONOURO, muller de David prateiro  | XACÓ LIÓN, veciño de Ribadavia                                    |
| FORNEIRA DA RÚA NOVA   | XACÓ VELLO  |
| GONZALO MARCO, veciño de Ribadavia   | XACÓ VILAMARÍN, criado de Mosé Pérez                              |
| ISAQUE CABALEIRO, veciño de Allariz  | XENTO ABEN FARAX, recadador, sobriño de Salomón Vaquix            |
| ISAQUE RICO, veciño de Ponferrada  | * XOÁN DE MACEIREDO   |
| ISAQUE RODRIGA, mercador   | * XOÁN FERNÁNDEZ, prateiro, ourive, sobriño de Abraán             |
| IUDÁ PÉREZ, veciño de Astorga, recadador das alcabalas da cidade e bispado, mordomo e contador do conde de Santa Marta | XUDÍA DE MONTERREI  |
| LEONOR   | XUDÍA, muller do <i>rubio</i>                                     |
| LIDECE   | XUDEU "DARRIDO" (¿de Arrido)                                      |
| LOITOSA  | XUDEU "O RUBIO E CAPADO"  |
| MOSÉ, veciño de Ribadavia  | XUDEU TENDEIRO  |
| MOSÉ DE LEÓN   | XUDEU ZAPATEIRO   |
| MOSÉ MARCOS, prateiro  | XUDIT, dona   |
| MOSÉ PÉREZ, recadador das alcabalas da cidade e bispado, mordomo e procurador de Xoán Pimentel                         |   |
| ¿NICOLAO, de Ribadavia   |   |
| NORA DE DONA XUDIT   |   |
| ORDOÑA   |   |
| * PEDRO SÁNCHEZ  |   |
| (?) PISTÓN   |   |
| RABÍ IUDÁ, cirurxián   |   |
| RABÍ SALOMÓN, recadador  |   |





**As sisas de 1439, que gravaban a todo veciño que quixese abandonar a cidade con 12 maravedís para a obra da Ponte, eran para eles o dobre de pesadas.**



*Interior do Castelo dos Condes de Ribadavia, mandado construír por Bernardino Sarmiento, I Conde da Vila.*

**M<sup>ª</sup> GLORIA DE ANTONIO RUBIO**

Salamanca, 1959

Licenciada pola UNED en Xeografía e Historia, ten publicado diversos artigos como “*Los judíos en Galicia,*

*con especial atención a los de Ribadavia*”, “*Los judíos de Pontevedra en la Edad Media*”, “*Los judíos gallegos en la Edad Media*” ou “*Judíos gallegos medievales*”, este último na Revista Wizo, publicada en Israel. Como historiadora é asesora

do Centro Sefardí de Ribadavia, colabora en traballos do Centro de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” e ten impartido conferencias sobre a comunidade xudía.



# Abraham de León: aproximación á vida dun xudeu en Ourense no século XV

Gloria de Antonio Rubio

## INTRODUCCIÓN

A economía do s. XV en Ourense e a súa comarca articúlase en torno a dous grandes núcleos: un núcleo agrario, cunha forma de produción feudal e onde predomina o cultivo do viñado, e un núcleo urbano, formado por artesanos e comerciantes, onde vai xurdindo unha economía capitalista, sendo, precisamente, o comercio do viño o que contribúe á expansión do viñado non só en Ourense en particular, senón en toda Galiza en xeral.

A importancia do viñado na economía do século XV, está amplamente recollida na documentación. Deste modo atopamos que tanto a uva como o viño son

empregados en contratos de foro (especie de contrato de arrendamento) para cubri-lo importe da renda, facéndose constar no propio contrato, a obriga por parte do agricultor de coidar e manter as viñas.

Serve tamén o viño, como veremos no apartado correspondente, como garantía de cobro dos contratos de préstamo, tanto dos que non teñen interese encuberto como dos que o teñen. Neste último caso, poder cobra-lo viño permítelle ao prestamista, por un lado, ocultar o interese esixido, por outro, evitar que unha posíbel devaluación da moeda afecte as súas gañancias, e sobre todo, en caso de impago, quedarse cun ben facilmente convertíbel en diñeiro, dada a importancia do

comercio do viño.

O comercio do viño, principalmente a súa exportación a outros puntos de Galiza, era o apartado principal do comercio ourensán. O destino principal era Santiago de Compostela onde se documentan numerosas mencións que confirman os contratos mercantís entre as dúas cidades. O segundo destino en importancia era Pontevedra, seguida de outras cidades galegas como A Coruña ou Noia.

A cidade de Ourense, nesta época, está formada por un conxunto de artesanos e comerciantes asentados en numerosos talleres, tendas e mercados. Estas profesións son exercidas tanto por cristianos como por xudeus, que manteñen entre sí unhas rela-



cións cambiantes segundo vai avanzando o século.

Os fondos documentais, conservados tanto no Arquivo Histórico Provincial de Ourense como no Arquivo da Catedral desta mesma cidade, son os que nos ofrecen unha documentación máis ampla sobre os xudeus que viviron nesta provincia durante a Baixa Idade Media. Esta documentación permítenos reconstruír, anque de maneira parcial, a vida de algúns personaxes que alcanzaron un maior nivel económico ou social. Tal é o caso de Judá Pérez, Mosé Pérez ou Abrahán de León, de quen a súa vida, e especialmente as súas actividades profesionais, son o obxecto deste artigo.

## DATOS BIOGRÁFICOS E PROFESIONAIS

A presenza de Abrahán de León, ao menos na documentación manexada até o momento, abarca desde o ano 1432 até o ano 1477. O 13 de Febreiro de 1432, o xuíz de Ourense Juan Sanchís condea a Alfonso Sordo a pagar 10 maravedís que debe da alcabala (imposto do 10% sobre o valor das compravendas que se efectuaban en Castela) a Abrahán de León e deste modo os seus bens serán desembargados. A última referencia documental sobre Abrahán de León ten lugar no ano 1477 e tamén fai alusión a un asunto económico. Neste caso pídese, ao contrario que no primeiro documento, que non se

demanden os maravedís que Juan Domínguez debía a Abrahán de León.

Os datos personais sobre este xudeu medieval son moi escasos, pois soamente sabemos que en 1434 estaba casado. Sen embargo, os seus asuntos profesionais están amplamente documentados ao longo de case 50 anos. Estes 50 anos pódense dividir en dous grandes períodos de tempo diferenciados tanto polo seu lugar de residencia, os primeiros anos da súa vida profesional pasados en Ourense e o resto en Ribadavia, como pola actividade profesional que desempeña en cada un destes lugares.

Anque descoñecemos a data exacta do seu traslado de Ourense a Ribadavia, sabemos que no ano 1434 era veciño de Ourense porque así se fai constar en varios documentos que se atopan no *Libro de notas de Álvaro Afonso*, notario desta cidade. Sabemos, tamén, que en 1453 xa era veciño de Ribadavia segundo se rexistra nunha carta de poder que Abrahán de León recibe para recaudar tributos correspondentes ao período comprendido entre os anos 1453 e 1456. Segundo o profesor Luis G. de Valdeavellano, para ser considerado veciño dun lugar era necesario cumprir unha serie de condicións, tais como ter nacido no lugar ou ben residir na povoación un certo tempo, ter posesións de bens inmóbeis no lugar, e ser admitido como “veciño” polo concello. Partindo desas premisas, é fácil

supor que Abrahán de León tería abandonado Ourense para instalarse en Ribadavia nunha data anterior a 1453, posibelmente en torno ao período 1438-1444, data na que é nomeado mordomo de Diego Pérez Sarmiento, conde de Santa Marta de Ortigueira e señor de Ribadavia.

## 1. Estancia en Ourense

Durante a súa estancia en Ourense, Abrahán de León dedicábase fundamentalmente a dúas profesións: a recaudación de impostos e ao préstamo de diñeiro.

### 1.1. Recaudador de impostos

Na Idade Media, a estrutura da Facenda Real presentaba tres grandes niveis: o primeiro nivel correspondía aos contadores, que eran os encargados de por en arrendamento a todas as rendas, e aos tesoureiros. O segundo nivel correspondía aos recaudadores, ben dunha zona e bispado concreto ou dun imposto específico. O terceiro nivel correspondía aos arrendadores de rendas reais. Abrahán de León, como recaudador, pertencía ao segundo nivel da estrutura da Facenda real. Era, polo tanto, o encargado de recibir o diñeiro procedente das rendas da coroa e o seu nomeamento correspondía directamente ao rei quen, para elo, esixíalle o pago dunha fianza.

Abrahán de León actuou tanto como recaudador dunha zona concreta como dun imposto específico.



Como recaudador dunha zona concreta aparece na documentación que, no ano 1434, recibe poder de Judá Pérez para recaudar todos os maravedís debidos pola cidade de Ourense e polo seu bispado. No mesmo documento, Abrahán de León recibe poder para dar cartas de pago unha vez cobrada a cantidade debida, pero especificase moi claramente que para que esta carta de pago teña validez ten que estar escrita pola súa propia man e firmada co seu nome.

Judá Pérez é un personaxe moi relacionado con Abrahán de León, sendo moi abundante a documentación conservada

sobre el. A primeira vez que se documenta a súa presenza é no ano 1423 e a derradeira no 1488, o que fai practicamente imposible que sexa a mesma persoa. O máis probábel, basándonos nas datas dos documentos e nas diferentes profesións exercidas, é que se trate de tres persoas diferentes co mesmo nome. A primeira referencia sobre Judá Pérez aparece na documentación do ano 1423, e exerce como criado de Garses Alvares. O segundo Judá Pérez exercía a súa actividade entre 1434 e 1456, data na que se rexistra que non pagou as fianzas requeridas polo rei para recaudar as alcabalas do bispado de Ourense dos anos 1453 a

1456 e, polo tanto, élle retirado o poder real. A partir desta data e até o ano 1479 non aparece ningún dato sobre a figura de Judá Pérez. Os documentos sobre a súa persoa reanúdanse a partir do ano 1479 e até 1488 o que nos indica a presenza dunha terceira persoa con este nome.

As datas de existencia de Abrahán de León e Judá Pérez indicannos que sería o segundo Judá quen mantivo unha estreita relación profesional, sempre relacionada co diñeiro e o cobro de tributos, con Abrahán para actuar no seu nome: ou ben se admite que o

*Praza da Magdalena na xudería de Ribadavia.*

Foto Moncho





pago de deudas se faga a calqueira dos dous, ou ben Abrahán presenta documentos en nome de Judá, etc. Como exemplo serva o documento anteriormente citado, no que Judá Pérez dá poder a Abrahán para recaudar e dar cartas de pago en Ourense e no seu Bispado no ano 1434.

Como recaudador dun imposto específico, concretamente da alcabala do viño, Abrahán de León aparece varias veces na documentación manexada até o momento. Tódalas referencias corresponden ao ano 1434 e trátase de diferentes documentos cos que é posíbel reconstruír, anque só en parte, o método de recaudar os tributos na cidade de Ourense. Os feitos sucedéronse do seguinte xeito:

O 5 de Xaneiro de 1434 Abrahán de León e Pero Fernández, notario, solicitan o cobro da alcabala dos viños de Ourense ao xuíz da cidade Lois Gonçalves. O xuíz dá a súa autorización e manda pregoar o cobro na Praza do Campo, actual Praza Maior, na Cruz dos Ferreiros e na Cruz dos Çenteos.

No mes de Febreiro, documéntase unha reclamación ante o xuíz de Ourense con motivo da cantidade que Nuno González ten que pagar da alcabala do viño. O xuíz sentenencia que sexa o notario de Ourense quen estipule a cantidade correcta.

O 23 de Febreiro Abrahán de León entrega a Alfonso García un saquiño de diñeiro co importe correspondente á alcabala do viño.

Ao día seguinte, o 24 de Febreiro, suponse que tras contar o diñeiro, Alfonso García otorgou a carta de pago da alcabala por un valor de 5.000 pares de blancas.

O resto dos documentos que fan referencia á alcabala dos viños son reclamacións de deudas correspondentes á alcabala do ano 1433 e que ascendían a un total de 913 maravedís vellos.

### 1.2. Prestamista.

Un dos recursos empregados ao longo de toda a Baixa Idade Media para tratar de paliar as sucesivas crises que tiveron lugar nesta época, foron os contratos de préstamo con ou sen interese encuberto ou usurario. É importante destacar que, ao contrario que na actualidade, no que o termo “usura” ten un matiz absolutamente despectivo, na Idade Media, como propón o profesor David Romano, era un termo inocuo, equivalente ao que hoxe denominamos interese. Nesa época, prestar diñeiro a interés era lícito sempre que se fixese dentro dos límites legais fixados.

A actividade prestataria foi exercida tanto por cristianos como por xudeus e, en ambos casos, son numerosas as disposicións legais que regulan os contratos de préstamo. Ambas lexislacións, a xudía e a cristiana teñen un punto en común: permiten o préstamo con interese sempre e cando sexa feito a persoas de diferente relixión. É dicir, un cristiano non pode prestar con interese a outro cristiano, pero sí a un xudeu, do mes-

mo modo que un xudeu non pode prestar con interese a outro xudeu, pero sí a un cristiano.

A normativa cristiana respecto ao préstamo con interese está recollida en toda clase de textos legais. Así:

Nos Foros e ordenanzas municipais, que representan o dereito consuetudinario de orixen alto medieval, a usura non está prohibida senón simplemente regulada para impedir fraudes ou abusos.

Nas Sete Partidas fíxase o interese nun 33,3%, que será o habitual durante toda a Idade Media, ao menos na letra das leis.

Nos Concilios Provinciais prohibese, como xa vimos anteriormente, que un cristiano preste diñeiro a outro cristiano, pero permite prestar diñeiro con interese a persoas de diferente fe.

Os cadernos de Cortes, que reflicten fundamentalmente a posición das cidades, fixan un interese entre o 66,6% e o 33,3%. Anque a súa principal preocupación será como reducir as deudas xudías, non se atreven a cuestionar o papel dos xudeus como prestamistas.

Na documentación galega atopamos numerosos documentos que fan referencia tanto a contratos de préstamo aparentemente sen interese, como a contratos de préstamo claramente usurarios. A figura de Abrahán de León documéntase realizando ambos tipos de contratos.



### 1.2.1. Contratos de préstamo sen interese encuberto

Na documentación atopamos dúas formas diferentes de prestar diñeiro: a obrigación de bens por parte do deudor e os contratos de préstamo ordinario.

#### 1.2.1.1. Obrigacións

Unha obrigación é o compromiso de entregar un ben ou diñeiro nun prazo de tempo determinado, a cambio dunha cantidade prestada.

Abrahán de León, ao longo do ano 1434, presta diñeiro en varias ocasións e os deudores, a cambio, obrigan os seus bens. O 9 de Febreiro de 1434 obriga os seus bens Joan Gyón da Coruña como deudor principal e o seu fiador, veciño de Ourense, a cambio de 200 maravedís e unha seira de pasa que deberán pagar antes de un mes. O 21 de Setembro obrigan os seus bens Roy Bouçosa e o seu fiador Diego Díaz por 81 maravedís vellos que deberá pagar, como máximo, antes de dúas semanas. Outro exemplo é a obriga feita por Álvaro Pato e o seu fiador Diego Barbeiro para pagar, ben a Abrahán de León, ben a Judá Pérez, ben a calquera persoa que teña poderes deles, por 140 maravedís que deberá pagar antes do entroido.

En xeral, as obrigacións recollidas até o momento caracterízanse porque as cantidades prestadas son relativamente altas e

teñen que ser devoltas nuns prazos de tempo moi curtos. Anque formalmente non existe interese xa que se obriga a devolver a mesma cantidade prestada, sin embargo é fácil supor que os intereses estiveran incluídos na cantidade declarada como prestada.

#### 1.2.1.1. Contratos de préstamo ordinario

Nun contrato de préstamo ordinario, o notario debe facer constar a cantidade prestada, a data de devolución do diñeiro e a pena que se imporá se non se devuelve no prazo establecido. Un exemplo deste tipo de contrato é o feito por Abrahán de León a Inés Alfonso: Eynes Afonso, recibio de Abraan de Leon en nombre de

*Prestamista xudeu.*



Yuda Peres 150 mrs. que unidos a 25 que debia de antes se oblijo a pagar en vino o en dinero la misma cantidad prestada. Non se trataría de un préstamo con interese cuberto porque o deudor comprométese a devolver a mesma cantidade prestada, en diñeiro ou en viño. O que non podemos saber é se nas cantidades declaradas como prestadas xa estaba incluído ou non o interese que tería que pagar pola cantidade recibida.

#### 1.2.2. Contratos de préstamo con interese encuberto

Na documentación rexístranse tamén varios contratos de préstamo nos que a cuantía prestada tense que devolver en viño ou en diñeiro, pero ao prezo do mercado do viño no momento da finalización do contrato e que son claramente usurarios. De todos eles, ao menos un é realizado por Abrahán de León o 14 de Setembro de 1434. O contrato di textualmente: “A XIII de setenbro, lourenço calvo de seixalvo recebeu de abraan de leon veinte maravedies vellos en diñeiros feitos et outorgouse de lle dar a esta dorna primeira que ven dous moyos de boon viño de lagar a como valuer reganchaan nen a mayor valia nen a menor forro e quite de alcavala etc. Pena dous maravedies etc...”<sup>1</sup>

1. López Carreira, A.: “Contribución ó estudo da xudería ourensá baixomedieval”, en *Xudeus e Conversos na Historia*, Santiago, 1994 [Actas do Congreso Internacional, Ribadavia, 1991], p. 210, doc. 20.





O feito de que a referencia ao viño oculta un préstamo con interese dedúcese a partir de dous razóns: a primeira razón derivase das profundas diferencias de valor dadas aos moios de viño en cada contrato (o moio de viño é unha unidade de medida que equivale a 144 litros) e a segunda, da imposibilidade de considerar este contrato como unha compravenda ou como un contrato de préstamo simple ou con prenda.

Para comprobar os diferentes valores asignados a un moio de viño atopamos na documentación manexada até o momento os seguintes valores: nun documento do 14 de Setembro de 1434 préstanse 20 maravedís a cambio de 2 moios de viño; o 30 de Xuño de 1434 préstanse 60 maravedís a cambio de 2 moios de viño; o 4 de Xullo de 1434 préstanse 40 maravedís a cambio de 2 moios de viño; e por último, o 16 de Xullo de 1434 préstanse 240 maravedís a cambio de 5 moios de viño.

Destas grandes diferencias de valor entre o máis barato, 10 maravedís o moio (20 mrs. / 2 moyos), e o máis caro, 48 maravedís o moio (240 mrs. / 5 moyos), nun período tan reducido de tempo, dedúcese que non pode ser unha compravenda debido á fluctuación dos prezos, e polo tanto, trátase dun préstamo.

É importante destacar que o interese é maior canto menor é o valor do moio. Se o prestamista

pide 48 maravedís por moio que re dicir que pensa obter, ao menos, 50 maravedís nuna venda porterior. Polo tanto, cando Abrahán de León presta a Lorenzo Calvo 20 maravedís a cambio de 2 moios, este deberá pagar 100 maravedís (50 por cada moio de viño) ou o seu equivalente en viño, o que supón un interese do 500%, claramente usurario. Sen embargo, aquel a quen se lle prestaron 240 maravedís a cambio de 5 moios de viño, deberá pagar 250 maravedís, é dicir, un interese do 4,16%.

A segunda razón que nos permite afirmar que estamos ante un contrato de préstamo con interese é a imposibilidade de considerar o contrato realizado por Abrahán de León:

- A) Como unha compravenda.
- B) Como un contrato de préstamo ordinario.
- C) Como un contrato de préstamo con prenda.

A) non podemos considerar que se trata dunha compravenda de viño para consumo propio porque os xudeus consideran “impuro” o viño elaborado polos non xudeus e polo tanto non o poden consumir. Tampouco se pode tratar dunha compravenda de mercancia para a súa comercialización porque no contrato non existe unha cláusula de penalización que, no caso de que o comerciante non recibise o viño prometido, poidese recuperar o seu diñeiro. Os dous maravedís que, segundo o documento se imporán como pena, non se poden considerar como unha

cláusula de penalización por non cumprir o contrato, pois trátase da cantidade que terá que abonar o deudor pola alcabala.

B) non se trata dun contrato de préstamo ordinario porque, como xa vimos, en todo contrato deste tipo debe figurar a cantidade prestada, a data de devolución do diñeiro e a cláusula de indemnización por incumplimento de contrato. Esta cláusula non existe no contrato que estamos a analizar. Non podemos atribuir esta forma de realizar contratos aos “usos e costumes” da época, pois na documentación manexada atópanse contratos que cumpren coas condicións necesarios para ser considerados contratos de préstamos ordinarios.

C) podería entenderse que son contratos con prenda, é dicir, que para garantir a devolución da cantidade de diñeiro prestada ofrécese a entrega dun ben, neste caso o viño, que pasará a propiedade do prestamista se o deudor non paga. Sen embargo, se o viño fose a prenda, sería suficiente devolver a mesma cantidade prestada en diñeiro para cumprir o contrato. Pero, no contrato realizado por Abrahán de León, se se opta pola devolución en diñeiro este será igual ao valor que teña o viño no mercado, e non ao diñeiro recibido.

## 2. Estancia en Ribadavia

O segundo período da vida de Abrahán de León transcorre na vila de Ribadavia e intimamente ligada, nun primeiro momento, ao



ámbito do conde Santa Marta de Ortigueira e Señor de Ribadavia. O condado é unha dignidade nobiliaria concedida por Juan II a Diego Pérez Sarmiento, señor de Santa Marta de Ortigueira, Ribadavia, Celme, Mucientes, etc. En 1440, Diego Pérez Sarmiento permutou a súa vila e fortaleza de Tariego (Palencia) pola de Santa Marta de Ortigueira que pertencía a Pedro de Acuña, guarda Maior do Consello Real. Dous anos despois, o 15 de Novembro de 1442, Juan II confirmaba o señorío co título condal. O Iº conde de Sta. Marta estivo casado con Teresa de Zúñiga, coa que non tivo descendencia. Sen embargo, tivo dous

fillos naturais, García e Bernardino, que foron lexitimados por Juan II. En 1465, no seu testamento, Diego Pérez Sarmiento deixa herdeiro universal a Bernardino, futuro conde de Ribadavia.

O condado de Ribadavia non se creará até 1476, concretamente o 16 de Abril. A merced do título de conde de Ribadavia dado a Bernardino Pérez Sarmiento, adelantado maior de Galiza e señor de Ribadavia, está comprendida na aprobación dada polos Reis Católicos en Madrigal, á concordia coa que rematou o litixio sucesorio entre Bernardino e o seu sobriño Francisco Sarmiento,

IIIº conde de Sta. Marta. Á morte de Bernardino en 1493, sucederalle a súa filla maior Francisca como IIª condesa de Ribadavia.

Durante a súa estancia en Ribadavia, as profesións exercidas por Abrahán de León refírense á recaudación de tributos e á administración da casa condal de Santa Marta.

### 2.1. Recaudador ao servizo do conde de Sta. Marta

Como recaudador ao servizo do conde de Santa Marta, Abrahán de León aparece citado nun documento do ano 1438 no que o con-

*Porta nova que daba paso a xudería de Ribadavia.*

Foto Moncho





de da poder a “Abraan de leon mi recabdador” para otorgar foros (especie de contrato de arrendamento), arrendar as súas propiedades, realizar demandas, requirimentos, apremios, etc. En virtude deste poder, realiza varios foros, todos eles feitos a habitantes de Pazos de Arenteiro. Así, o 14 de Xanerio de 1444 afora unhas viñas a García Outeiro; o 10 de Xullo de 1454 afora unhas leiras para poñer viñas a García de Moredo; o 12 de Maio de 1457 afora unha casa a Álvaro García; o 10 de Agosto de 1457 afora unha adega a Alfonso Martínez; o 24 de Maio de 1459 afora cinco leiras para poñer viñas a García de Moredo; finalmente, o 3 de Febreiro de 1462 afora unha casa a María de Vilar.

A súa actividade como recaudador non se limita, exclusivamente, a realizar estes contratos de foro senón que tamén se documenta a actividade recaudadora de Abrahán de León en relación con outros campos económicos.

Un documento de 1449 recolle como Abrahán de León cobra, en nome do conde, cinco fanegas de centeo que este debía recibir cada ano do Mosteiro de Oseira.

Figura, na documentación, como recaudador das alcabalas do bispado de Ourense durante os anos 1453-1456. Neste caso, recauda o imposto no nome de Judá Pérez e comparte o poder con Fernan Dias de Madrid.

En 1450, Abrahán de León recibe poder de Judá Pérez para recaudar unhas cantidades atrasadas correspondentes aos “pedidos” (tributo de carácter extarordinario) do ano 1443, tras un longo conflito cos veciños de Ourense sobre a cantidade esixida polos recaudadores.

## 2.2. Administrador da casa condal

Entre as profesións relacionadas coa administración da casa condal, Abrahán de León exerceu as de “facedor” e mordomo do conde.

### 2.2.1. Facedor

Un facedor é un administrador, representante ou procurador da persoa representada. No caso concreto de Abrahán de León, é o facedor do conde de Santa Marta e como tal é definido en varias ocasións na documentación manexada.

### 2.2.2. Mordomo

O mordomo, en termos xerais, formaba parte do persoal ao servizo da facenda dunha casa nobiliaria. Era o responsábel da casa, neste caso do conde de Santa Marta, nos aspectos económicos e financeiros. O seu nomeamento debeu ocorrer entre 1438, data na que como xa vimos exerce xa como recaudador do conde e onde non se menciona que tamén sexa mordomo do mesmo, e 1444, ano da primeira referen-

cia documental a este cargo que se rexistra nunha carta de poder onde textualmente atopamos: “*Sabean quantos esta carta viren commo eu Abraan de Leon, mayordomo que soo de don Diego Peres Sarmiento, conde d-Ortigueyra...*”<sup>2</sup>. Queda pois confirmado, nestes documentos, que a data de nomeamento de Abrahán de León como mordomo do conde de Sta. Marta de Ortigueira debeu ocorrer entre os anos 1438 e 1444. A última referencia a Abrahán de León é do ano 1477 con motivo da rendición de contas de Judá Pérez en razón do seu cargo de mordomo de Bernardino Pérez Sarmiento, que nesta data xa é conde de Ribadavia.

## RELACIÓNS CO SEU ENTORNO

Anque, como xa vimos, os datos directos que a documentación nos aporta sobre a personalidade de Abrahán de León son moi escasos, sen embargo, indirectamente, permítennos saber como eran, por un lado as relacións cos seus correligionarios e, por outro, o grao de estimación social do que gozaba entre os membros da comunidade cristiana.

### a) Relacións coa sociedade xudía

Unha das principais normas de convivencia das comunidades xudías era a axuda mutua entre os diferentes membros da comu-

2. Losada Menéndez, M.J. y Soto Lamas, T: “Algunos documentos de Abraan de Leon, recaudador del conde de Ribadavia: 1438-1462” en *Boletín de Estudios Fontán-Sarmiento*, num. 16 (1995), pp. 60-61, doc. 2.



*Casa dos Condes de Ribadavia, donde se está instalando o Centro de Información da Cultura Sefardi. Foto Moncho*

nidade. Abrahán de León non foi unha excepción a esta norma, pois a documentación amósano-lo obrigando todos os seus bens, o 22 de Xullo de 1457, como garantía de que Donouro non sairá da cidade até, ao menos, o mes de Setembro. En caso contrario terá que abonar todo o que ela estaba obrigada a pagar.

#### **b) Relacións coa sociedade cristiãna**

En xeral, o status social que Abrahán de León tivo dentro da sociedade cristiãna debeu ser

moi alto, tanto no período no que viviu en Ourense como no que viviu en Ribadavia.

Durante a época na que viviu en Ourense, é definido por Álvaro Afonso, notario da cidade, o 24 de Febreiro de 1434 como “*A moy noble persoa de abraan de leon*”.<sup>3</sup> Posteriormente, e por este mesmo notario, o 14 de Setembro dese mesmo ano faise referencia a Abrahán como “moito noble persoa”. É importante mencionar que é o único xudeu que merece tal consideración, a pesar de que este notario tamén fai referencia, en

numerosas ocasións, a Judá Pérez e a outros personaxes xudeus da vida ourensana.

Pero, quizais, o documento que mellor reflicte o status persoal deste personaxe sexa o que ten data de 26 de Setembro de 1438. Neste momento, Abrahán de León xa está traballando ao servizo do conde de Santa Marta que, ademais, é o carto Adiantado Maior de Galiza (dos da súa linaxe) do Consello do Rei. Abrahán é xulgado e condeado por non ter abonado carenta maravedís que debía do pago dos “pedidos” e, en virtu-

3. López Carreira, A.: op. cit., p. 206, doc. 9.



de da sentenza contra el pronunciada, debía ir a prisión. Mais os propios xuíces decidiron que, como era fasedor do conde de Santa Marta, Adiantado de Galiza, non podía ir a prisión, e polo tanto, que prenderían a outro veciño por el. O documento di textualmente; “... *dixio que lles amostravan o corpo do dito Abraan para que o prendesen et os ditos juises disseron que se o prendesen que era fasedor de señor endeantado e que prenderían outro vesino desta dita çibdad por elo ...*”<sup>4</sup>

A súa situación económica é outro referente da súa boa relación cos membros da sociedade cristiana. As persoas que tiña ao seu servizo, claro indicativo dunha situación económica desafogada, eran, aparentemente, todos

cristianos, o que fai supor as súas boas relacións con esta sociedade. Nos anos 1450 e 1451 atopamos como criados seus a Jerónimo de Balinas e Juan Domínguez. Como homes ao seu servizo, en 1444 a Álvaro Fernández, en 1457 a Juan de Cobreyros e Juan do Real, e en 1462 a Juan Domínguez, Juan Caeneyro e García.

## CONCLUSIÓNS

A modo de conclusión, podemos afirmar que a vida de Abrahán de León, dedicada fundamentalmente, e ao longo de case 50 anos, a profesións relacionadas co cobro de tributos e á administración de diñeiro, desenrolouse perfectamente integrada dentro da sociedade cristiana, onde alcanzou unha grande consideración social, chegando a ocupar os máis altos cargos dentro da administración

da casa condal de Santa Marta de Ortigueira onde, ademais de se ocupar dos asuntos económicos, encargouse da administración e representación do conde.

Esta integración na sociedade cristiana non lle supuso un apartamento da súa propia sociedade, xa que, e a documentación demóstranolo, ao menos nunha ocasión obrigou todos os seus bens para protexer a Donouro, muller de David, platero.

Polo tanto, podemos considerar as relacións de Abrahán de León coa sociedade cristiana como o prototipo de boas relacións que manteñen ambas culturas en Galiza até os anos 80 do século XV, momento no que se fixo evidente un claro deterioro das relacións que evolucionarían até a ruptura total en 1492.



Lápida descuberta na Praza da Palloza (A Coruña) no ano 1871.

4. Antonio Rubio, G.: “Los judíos en Galicia, con especial atención a los judíos de Ribadavia”, en *La herencia judía en la Red de Juderías de España-Caminos de Sefarad*, Girona, 2000, p. 131.



*Xudeu entrando na súa casa. Antes de entrar toca a Mezuzá, situada na "xamba da porta". É un pergamiño que contén versículos bíblicos específicos e está fixada na entrada das casas xudías. Normalmente póñense os primeiros parágrafos do Shemá.*



# Apuntes sobre os

Os seguintes datos, na súa maioría inéditos até a data, están tomados do traballo “A Pegada Hebrea en Monforte de Lemos”, realizado por iniciativa do Concello de Monforte, presidido por Nazario Pin Fernández.



*Mosteiro de S. Vicente do Pino coa torre da homenaxe, torreón pequeno e parte da muralla.*

## **FELIPE AIRA PARDO**

Historiador e especialista na historia local de Monforte de Lemos. Durante tres anos estivo encargado do Museu

de Arte Sacro das Clarisas de Monforte. Autor de diversos traballos de Investigación histórica para o Concello de Monforte. Ten publicado traballos como “La Tau, escudo de

Monforte de Lemos”, “Las calles de Monforte, Historia de sus nombres desde el siglo XIII al XX”, “Los judios y conversos de Lemos del XIII al XVIII” e “El castillo de Monforte de Lemos”.





# xudeus de Monforte

## I

# O Monforte xudeu

Felipe Aira Pardo

A milenaria cidade de Monforte está situada no centro do val de Lemos, bañada polo río Cabe.

As súas orixens remóntanse ao povo dos Oestrymnios, expulsado pola tribu celta dos Lemavos. Os Lemavos tiñan a súa capitalidade no Castro Dactonium, e sobre el levantouse o Mosteiro Benedictino de S. Vicente do Pino, edificio erixido durante a Alta Idade Media, anque desa época practicamente nada se conserva. O que hoxe vemos pertence a construcións dos séculos XVI, XVII e XVIII.

Monforte foi capitalidade do poderoso Señorío, despois Condado de Lemos. Durante o século XV tiña as posesións de Sarria, Castro Caldelas, Monforte, Ponferrada, Vilafranca, Cornatuelo, etc. En tem-

pos dos Reis Católicos e do II Conde D. Rodrigo Enríquez de Castro, o poderoso dominio feudal foi dividido en dúas partes, como consecuencia do recelo da coroa cara un nobre con tanto aparato militar e poder económico. O novo Condado de Lemos quedaba integrado polas propiedades situadas en terras de Galiza, mentres que Ponferrada pasaba a mans directas da monarquía. Cornatuelo, Vilafranca e algunha outra de menor importancia integraban o recién creado Marquesado de Vilafranca, sendo os seus primeiros titulares os pretendentes a todo o Condado de Lemos, un fillo do Conde de Benavente e Juana Osorio, filla do I Conde de Lemos e tía do II Conde D. Rodrigo.

Monforte alcanza o seu esplendor entre finais do século XVI e a primeira parte do século XVII, coin-

cidindo cos personaxes máis poderosos da familia condal, entre os que podemos citar ao Cardenal Rodrigo de Castro; o VI Conde de Lemos, Virrei de Nápoles e Embaixador en Roma; o VII Conde de Lemos, coñecido como “O Gran Conde de Lemos”, protector e mecenas dos grandes literatos españois entre os que destacan Cervantes, Góngora, Mira de Amescua, os irmaos Argensola, Lope de Vega, etc., ademais de Virrei de Nápoles e Presidente do Consello de Italia e das Indias.

Nesta época dourada ten lugar a edificación das grandes construcións monfortinas como o Convento de S. Antonio -orde franciscana-, o Colexio da Nosa Señora da Antiga, rexido por Xesuitas; o convento dominico de S. Jacinto; o mosteiro de franciscanas de Sta. Clara. Estas fundacións víñanse a



*Colexio de Nosa Señora da Antiga, no pasado, Colexio dos Xesuitas.*

unir ás xa existentes de S. Vicente do Pino. Tamén se reconstrue a ponte medieval, coñecida hoxe como “A Ponte Vella”.

Temos que destacar tamén o complexo fortificado. Trátase dun conxunto de murallas, torreóns, portas da vila, portas falsas e torre da homenaxe.

#### **Os xudeus de Monforte.**

Os xudeus de Monforte, pola documentación manexada, a maior parte inédita até a data, nunca tiveron unha zona concreta de concentración (xudería). O seu lugar de emprazamento responde ao modelo doutras cidades. Ubícase en torno ás portas da vila e nas prazas do mercado.

Debemos descartar a tan traída e levada afirmación de que a xudería monfortina atopábase na actual rúa Abelardo Baanante, coñecida como Rúa Nova e A Calexa. Efectivamente, sí existiron vivendas de semitas nesa vía, pero, ao mesmo tempo, os hebreos residían noutras rúas monfortinas, formando o que podemos denominar como “Rúas de ámbito xudeu”.

#### **As noticias máis antigas.**

Anteriores ao século XV, entre outras referencias, temos noticias ailladas como a do ano 915, na que se cita a un testigo “Ismael Judila”, que poidera corresponder a un xudeu ou un mozárabe.

Durante o século XIV varios titulares do Señorío de Lemos designaron xudeus para postos importantes. Cabe destacar ao Infante Felipe, home que gozaba da amizade dos xudeus, até o punto de que o hebreo Yuzaf de Ecija convertiuse no almoraxarife real de Alfonso IX, gracias á influencia do Infante, que era tío do monarca. D. Pedro Fernández de Castro “O da Guerra”, Señor de Monforte en 1334, tiña como recaudador ao xudeu Don Guilleumo e o seu almoraxarife era D. Samuel, irmao de D. Guilleumo.

O fillo de D. Pedro, D. Fernán Ruíz de Castro “*Toda la lealtad de España*”, Señor e Conde de Lemos, 1343-1369, caracterizouse



*Porta da Alcazaba, no século XV,  
zona de ámbito xudeu.*



pola súa política pro xudía, seguindo a liña marcada polo seu rei D. Pedro I O Cruel.

Outro documento importante é o pago das alxamas de xudeus á Coroa de Castilla, anos 1474, 1488, 1489 e 1491. No grupo de Ourense atopámonos as poboacións de Monforte de Lemos, Allariz e Ribadavia.

### O selo de Salomón.

Na parte máis antiga da Torre da Homenaxe, construída no século XIV, observamos signos lapidarios e marcas de canteiros. O que máis abunda é a estrela de cinco puntas ★, o Selo de Salomón. Esta estrela ten varios significados. Para os celtas era o signo da divindade; durante a Idade Media foi denominada Cruz de Trasgo, pertenceu a unha loxia numérica, nº 5; para os xudeus representa os cinco libros do Pentateuco, cada punta un libro.

Por outra banda, baseándonos na organización de certas corporacións de constructores que se consideraban herdeiras das

medievais, como as famosas “*Compagnons de France*”, a estas marcas dábaselles a consideración de aval de garantía, de traballo de garantía. Coa fin da Idade Media, o costume de usar estes signos lapidarios desapareceu. O Renacemento aportou novos hábitos e cambios de mentalidade. De feito, despois de deixar de utilizalos perdeu o seu significado orixinal.

### Documentos inéditos que nos sitúan nas rúas de ámbito hebreo.

A maior parte das noticias corresponden ao século XV, que é, ao noso entender, o momento de maior presenza semita en Lemos. É necesario precisar que a maioría dos documentos que se conservan datan deste século. De calquera xeito, non se descarta a existencia desta comunidade con anterioridade, anque polo momento as noticias escasean.

Os sucesos acaecidos no ano 1391, coas persecucións e matanzas sistemáticas de hebreos en diversas rexións españo-



*Ponte de Pedra ou Vella, reconstruída sobre unha medieval a finais do século XVI.*

las, influíron decisivamente na súa elección de residencia. Os galegos estaban máis enfocados cara o movemento antiseñorial, na guerra irmandiña de 1467-1469, que no movemento antiseñorista.

A finais do século XIV, ao Noroeste peninsular chega un grande número de hebreos, só superado pola chegada de familias xudías durante as últimas décadas do século XV.

Unha das conclusións máis importantes que sacamos da documentación manexada é que os hebreos viviron mesturados cos cristianos en diversas

vías medievais de Monforte, en torno ás portas da vila e prazas do mercado.

Así, sabemos, por exemplo, que no ano 1449 Mose Judyo moraba no intramuros de Monforte, e que no ano 1453 Ester Judía moraba na rúa Zapatería, hoxe Travesa do Cárcere Vello.

En 1474, a familia semita formada por Manuel e Lidica, vivían nos Ferreiros.

No ano 1462, Isaac Chamizo moraba nunha casa da rúa Nova, actualmente rúa Abelardo Baanante, coñecida popularmente como a Calexa.

No ano 1488 Boaventura Judía tiña a súa casa na Praza do Acouge, inmóbel que mercara nese ano o II Conde de Lemos Rodrigo Enríquez de Castro. A praza do Acouge, ou sexa, do Mercado, atopábase na actual praza das Pescaderías.

En definitiva, vemos como se situaban nas portas da vila e nas prazas do mercado.

A sinagoga, segundo os datos dos que dispomos, emprazábase na rúa Falangueira. A tradición popular así o confirma.

Temos que ter en conta que nas Ordenanzas do ano 1432 decíase que todo lugar onde viviran máis



*Antiga Praza do Azouge, hoxe Travesa do Cárcere Vello, na zona xudía do século XV.*

de 10 cabezas de familias xudías estaba obrigado a ter sinagoga.

#### **Familias sefardíes de apelido “De Lemos”.**

O vocábulo “De Lemos” ou “Lemos” é singular da nosa terra e dá nome ao val. O seu significado, se seguimos a Manuel Murguía, Padín e Bullet, entre outros, alude ao chan húmido, o que encaixa perfectamente co noso país.

Lym, Leman, Limoges, Limia, son algúns dos topónimos españois e europeos que, ao igual que o noso Lemos, titulan poboacións de chans fertis e húmidos.

Desde a Alta Idade Media “De Lemos” deu nome aos titulares da

vila, os Señores e logo Condes herdeiros e perpetuos, por riba dos apelidos Castro, Enríquez, Osorio, etc.

Unha das ramas da familia dos López que se distinguín desde os primeiros momento da Reconquista, tiña propiedades e castelos no val de Lemos, señoreando os actuais concellos de Sober e Pantón. Para se diferenciaren de outras familias colocaron o término “de Lemos”, constituindo a familia López de Lemos.

As familias fidalgas de apelido “de Lemos”, aveciñadas no país lusitano, tiñan as súas raíces na nosa terra. Os descendentes dos Condes de Lemos e dos Condes de Amarante (López de Lemos)

alcanzaron grande fama en Portugal.

Á cidade de Monforte engadíuse-lle de forma oficial, no ano 1916, o término “de Lemos” para diferenciala de outras localidades do mesmo nome.

Non coñecemos outra poboación, rexión, accidente xeográfico ou familia nobre (salvo as procedentes da nosa terra) que se identifiquen con “de Lemos”.

“De Lemos” ou “Lemos” apelida a un importante número de familias establecidas en Ourense, Monforte, Vigo, A Coruña, Xinzo, etc., País Vasco, Madrid, Cataluña...; países europeos como Portugal, Alemania, Holanda,



*Unha das vivendas máis antigas da rúa Falangueira (unha das tres vías do antigo Monforte intramuros) co tabuleiro na xanela.*

Francia...; países americanos como Brasil, Arxentina, Chile, Panamá, Canadá, EE.UU., etc.

O que resulta certamente sorprendente é a cantidade de familias sefardíes que, sobre todo desde o século XVI até a actualidade, se estenderon por Europa e América co apelido De Lemos, Lemos.

Non se pode afirmar que todas as familias sefardíes de apelido De Lemos proveñan da nosa cidade. Non todos terían como móvil para adoptar este apelido a súa orixe xeográfica en Monforte ou na Terra de Lemos. Pode que

algúns, no momento da súa conversión, do seu bautismo cristiano, adoptaran o nome para buscar a protección dos Condes de Lemos ou de outros nobres relacionados con esta rexión, ou para honrar algunha deuda contraída con estas familias.

Sabemos da existencia de descendentes destas familias sefardíes en lugares tan dispares como Altoona, Hamburgo, Prusia, Curaçao, Santo Domingo, Ámsterdam,...

Os hebreos expulsados de Sefarad seguiron varias rotas,

unha delas dirixíase cara o Norte de África, desde Marrocos até Exipto e principalmente a Palestina. Outra rota tivo como destino Italia, Grecia, Rumania, e sobre todo Turquía. Outra tivo como punto de destino os Países Baixos, desprazándose desde alí a Centro Europa, especialmente a Alemania, Dinamarca e algúns a Inglaterra. A partires da segunda metade do século XVI, moitas familias sefardíes tiveron como punto de referencia América. Existiron tres épocas importantes e con características diferentes. A primeira oleada, de 1654 a 1820, estivo composta na súa



*O Sr. Mosbe Sbaul, Vicepresidente da Autoridade Nacional do Ladino e Director de "Aleí Yerusalayim" no casco antigo de Monforte xunto a Concellala de Cultura Aida Menéndez e o autor do artigo.*

enorme maioría por familias procedentes de España e Portugal. A segunda oleada, de 1820 a 1860, procedía esencialmente de Alemania. Unha terceira oleada de 1880 a 1924, chegaba dos países do este de Europa.

Coa axuda de diversas personalidades do mundo sefardí ou relacionado con el, logramos recopilar máis de medio centenar de familias sefardíes, todas co apelido Lemos, e unha inmensa maioría, con outro ou outros apelidos de orixen sefardí-lusitano.

### **Bruxas, adiviñadores, blasfemos...**

Na documentación que manexamos, sobre todo do século XVI, desvélese, entre outras noticias, a cantidade de blasfemos, adiviñadores e bruxas aveciñados en Monforte e procesados polo Santo Oficio de Galiza.

Son un total de cincuenta casos entre os anos 1580 e 1600, que inclúen a algunhas persoas poseídas polo demo.

En canto aos edictos de fé deste mesmo tribunal, aparecen cinco



casos da zona de Lemos, pertencentes a este tempo, amén dos procesos contra diversos membros da familia xudeu-conversa dos Gaibores.

### **Lendas, ditos e refráns que notan a tradición hebrea en Monforte.**

A tradición xudía en Lemos déixase ver, igualmente, nos ditos populares. Por exemplo, o que

cantaban os sarrianos aos veciños da cidade do Cabe e que dicía: *Monforte de Lemos, Monforte dos demos, cincocentos veciños, trescentos ladróns e o resto xudeus.*

Na lenda máis importante e enraizada na nosa localidade, "A coroa de lume", en diversas versións, como a de Galo Salinas, menciónase a un xudeu con papel destacado no desenlace de tan terríbel suce-



so. Está claro que un relato que se desenrola na nosa terra tiña que contar con algunha representación da comunidade xudía.

Non debemos esquecer tampouco que o noso burgo contou cun importante gremio de plateiros. Algúns historiadores locais citan un xudeu, Samuel Arqueba, lexendario personaxe, e dicimos isto porque non se ten publicado até a data ningún documento que avale a súa existencia.

Se damos un paseo polas rúas con maior personalidade da nosa cida-

de atoparemos cun singular tipo de construción, anque cada vez en menor medida, pois deixan paso a ás novas edificacións. Consiste nun inmóbel de baixo e, xeralmente, un piso, con corredor de madeira e, na súa planta baixa, unha xanela con “*tabuleiro*”, que era o mostrador, desde onde o profesional espuña ou vendía os seus produtos. Pénsase que este tipo de construcións son un resíduo da actividade comercial dos xudeus e logo converso.

En diversos padróns de décadas pasadas apareceron veciños co

apodo “Judas”. Incluso Leandro Carré Alvarellos, na súa obra “*Las leyendas tradicionales gallegas*” faise eco da noticia que recolleu na parroquia de Vilamelle sobre “*o xudeu errante*”.

Hoxe, os mais vellos de Monforte recordan que non fai moito tempo era normal denominar aos veciños do barrio de S. Vicente como “*rabudos*”, vocábulo que segundo a tradición, deriva de rabino, dado que nesta zona ubicouse a sinagoga e a comunidade xudía e conversa de xeito maioritario.



O Agregado Cultural da Embaixada de Israel, Sr. Eyal Sela, co concelleiro Alejandro Sousa e o investigador e historiador monfortino Felipe Aira Pardo. Agosto 99.



## Apuntes sobre os xudeus de Monforte

### II

Felipe Aira Pardo

# A Familia xudía-conversa de apelido Gaíbor

A familia dos Gaibores asentada en Lemos, polo menos desde o século XV, era de orixen hebreo, e segundo varios documentos da Inquisición de Santiago de finais do século XVI, parece ser que o seu tronco foi Juan de Gaibor, pai de Jorge de Gaibor, que se bautizou en idade xa avanzada, sen dúbida, para evitar a expulsión decretada no ano 1492.

Di un documento até o momento inédito, do ano 1580, que fai mención a un suceso producido no ano 1539:

*“Jorge de Gaybor difunto vecino de Monforte de Lemos, denunciado de que... se volvió sin presentarse a*

*su casa a do murio de ay a pocos días ay contra el dicho Jorge de Gaybor y sus descendientes fama pública que son cristianos nuevos y que su padre fue el tronco de ellos se bautizo en monforte siendo hombre de edad cumplida”.*

Un documento do ano 1493, citado por Carlos Rodríguez Fernández na súa “Colección Diplomática de S. Vicente del Pino”, di:

**“1493 enero 14.**

*El Abad de San Vicente de Monforte, Don Fernando do Castelo afora a Arias Gómez por cuatro voces, una casa y una leira por 30 pares de blancas, por razón del foro, Arias Gómez entrega al Monasterio una casa con sus*

*lagares que de nuevo...*

*Testigos foron presentes: Juan de Gaíbor, Mayordomo del Señor Conde et...”*

Outro documento do ano 1532 que fai alusión aos membros que integraban o Concello da Vila, cita a Jorge de Gaibor:

*“Sepanquantos estacarta deforo vieren como nos la Justicia errejidores e procurador destavilla de Monforte delemos e a saber Juan Diaz de freijo, Alcalde dehorinario e francisco descovar ealonso vasante e Gonzalo destrada e JORGE DE GAIVOR regidores desta villa e Diego Alvarez procuradore della estando juntos...”.*



Lápida funeraria da familia de xudeus conversos Gaibor, século XV.

Unha lápida de mármore do país atopada a finais do século XIX nunha casa do casco antigo de Monforte di:

**“AQUÍ IACEN JUAN DE GAIBOR Y SU IJO JORGE DE GAIBOR FUNDADOR DESTA CASA “PILLA FUE” RON VECINOS Y REGIDORES DESTA VILLA”.**

Á inscrición fáltalle unha parte, o que motivou a crencia errónea, hoxe aclarada de que dita peza avalaba a fundación dunha casa na cidade do Cabe por parte da linaxe dos Gaibores, cando en realidade, refírese a unha capela. Pomos entre comilla a parte que lle fala á lápida.

Benito F.Alonso, na súa obra “Los judíos de Ourense”, na páxina 38 di:

“En Junio de 1892, publico *La Voz de Galicia un trabajo*

*nuestro acerca de los judíos de Monforte, y no poseyendo ningún ejemplar del número del periódico en que vio la luz, hoy reproducimos aquí la inscripción con diseño de la lápida que dimos a conocer, y que por encargo nuestro copió el Sr. Pérez Guitián: refiérese al judío Juan de Gaibor y su hijo Jorge, jefes de la tribu monfortina.*

*Cuando el Sr. Pérez Guitián nos remitió copia de dicha lápida hallábase esta formando parte del interior del muro de una casa en la ciudad de Monforte, en donde suponemos que existirá en la actualidad...”*

Hoxe, a peza en cuestión custódíase no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

O feito de que foran chamados ao Concello da Vila denota que ostentaban un recoñecemento e poder na sociedade local de

aquela época. Esta posición puido derivar da súa situación económica ou ben da súa competencia persoal nos asuntos da administración do concello.

A lápida formaba parte da capela que os Gaibores fundaron a comezos do século XVI no hoxe desaparecido convento franciscano monfortino de S. Antonio.

Un documento do ano 1596, pertencente ao Arquivo Parroquial de Sta. María da Régoa (Monforte) di:

“Testamento de Pedro Fernández dos Campos.

*Sepan quantos esta carta de testamento vieren y última voluntad vieren como yo Pedro Fernández dos Campos zapatero vecino de la villa de Monforte de Lemos, estando como estoy enfermo...*

*...y asimismo mandó que se ponga*



*O Alcalde Nazario Pin na recepción a Moshe Shaul e á súa dona en agosto 99. Acompañábaos Felipe Aira, investigador encargado do estudo sobre a xudería local.*

un altar sobre mi sepultura que está sobre la pila del agua bendita que está en un pilar de la **capilla de los Gaibores**, debajo del Coro, y allí se ponga unha imago de Nuestra Señora de la Soledad o de la Angustia de bulto todo ello a mí costa..."

Un documento do ano 1779 di:

"En la referida villa de Monforte dicho día primero de diciembre de el año de mil setecientos y setenta y nueve por presencia de el Reverendo Padre Guardian de el Convento de S. Antonio se exhibió en este oficio un legajo de autos ejecutivos que principiaron con una escritura vinculada que **hizo Pedro de Gaíbor de a Plaza**, en veinte de noviembre de el año de mil qui-

nientos y ochenta por ante Suero Sánchez de Seijas a favor de ... con la obligación de hacer decir en su capilla de el convento de S. Francisco de **esta villa que hizo y fundo Jorge de Gaíbor padre del dicho Pedro de Gaíbor tres misas cada semana...**".

Algúns membros das ordes de franciscanos e dominicos foron auténticos perseguidores dos xudeus. Américo Castro afirma que a xente de baixa e servil condición, cebábanse nos depoxos das ricas xude-rías, ben reforzada na súa furia anti-hebrea polas pláticas de certos fra-des, sobre todo, pertencentes ás ordes mendicantes.

O feito de fundar unha capela en S. Antonio de Monforte, centro

religioso erguido polos Condes de Lemos e panteón da familia condal, tería varios obxectivos para os Gaibores, un deles, sen dúbida, facer esquecer o seu pasado semita e evitar calquera dúbida sobre a súa conversión. A pesar de todo elo, abríronselle expedentes no Santo Oficio de Santiago, tal como expomos neste traballo.

Os seguintes documentos son a proba da persecución á que se viron sometidos os membros da familia Gaíbor de Monforte, por parte dos inquisidores. Un documento do ano 1580 di:

"Antonio de Gaybor bastardo del dicho Juan de Gaíbor vecino de Quiroga. Denunciado de tres



cosas, la primera que aconsejaba a cierta persona que estaba rezando en la iglesia delante del Santísimo Sacramento que no rezase y que renegase de la fee que por rezar no avía de yr al cielo, y asimismo que aviendo parido una su puerca llamo a un clérigo para que le fuese a bautizar los lechones... deziendole un hombre al dicho Antonio de Gaybor que fuese a oyr misa Respondió que para que quería yr aoyr misa que el les dería misa y en acavando de decir tomo una tajada de navo y se puso detrás de Una arca y la alzaba con ambas manos deziendo que aquella hera la ostia consagrada que para que querian otra misa, es cristiano nuevo como esta dño capitulos ay proceso según se refiere ante el provisor deastorga nose recibieron mas testigos hasta ver el proceso...”

Dese mesmo ano, outro documento inédito di:

“Bautista de Gaybor vecino de la villa de Monforte ovispado de Lugo de hedad de treinta y seis años, justificado por seis testigos tres de los quales contestan en que algunos meses antes estando el Reo en cierta cassa de la dicha villa de Monforte donde jugaban el y otras personas y abiendo perdido algunos dineros se lebanto con mucha colera se fuea un tintero y saco los algodones y con ellos hizo una cruz en la pared y dixo que botaba a

dios yaquella cruz de no jugar en su vida en aquella cassa y que mientras y haciendo aquello dio algunas palmadas recias en la cruz y con furia...”.

Antolín López Pélaez, na súa obra “Los benedictinos de Monforte de Lemos”, comenta:

“... otra (denuncia) en 1564, de la sentencia dada por el abad contra los clérigos Jerónimo Álvarez y Antonio, que habían maltratado de obra a **Pedro de Gaibor**, por cierto que de lo que éste, natural de Monforte mas se quejaba era que le hubiesen llamado Judio; el provisor libró despacho de inhibición”.

Son estos datos das dificultades ás que se tiveron que enfrentar estas familias de ascendencia hebrea durante os séculos XVI e XVII para conseguir facer esquecer o pasado semitas aos seus veciños.

Os Gaibores son citados en diversos padróns do século XVI. Un do ano 1554 di:

“En la villa de monforte de Lemos a onze días del mes de agosto del año del señor de mil e quinientos e cincuenta e quatro anos estando ante los ... e Sebastián de recemill alcalde de ordiario dela dña villa por el concexo e requimimiento della e alonso basante e juan de gaibor e fernando perez da somoza e andreo

cañaverál regidores de la dña villa e **francisco de gaibor procurador general della** y en presencia...”.

No citado ano e nos de 1556 e 1558 menciónanse a:

“Juan de Gaibor, Antonio de Gaibor, Francisco de Gaibor, Pedro de Gaibor...” Álvaro de Gaibor era procurador xeral do concello no ano 1556.

Segundo os padróns consultados, inéditos até o momento, a media que pagaban os veciños era de 2 ou 2,5 reais, mentres que Juan de Gaibor pagaba 100 e 200 reais respectivamente; Antonio de Gaibor 11 e 11; Francisco 15 e 16; e Pedro de Gaibor 35 e 40.

Despois de investigar nos libros I de Bautismo das parroquias monfortinas de S. Vicente e Sta. María da Régoa, a partires do ano 1567 menciónanse membros Gaibor. Podemos citar, a máis dos xa nomeados a Benito de Gaibor (1567), Cristobal de Gaibor (1568), Francisca de Gaibor (1567), Bautista de Gaibor (1558), Mariana de Gaibor (1591), Isabel de Gaibor (1599), Bautista de Gaibor (1600) María Alonso de Gaibor (1609), Felipe de Gaibor e Orozco (século XVIII).

Entre eles observamos varios Alcaldes de Ordinario, Mordomos, Procuradores do Concello da Vila, etc.



## Apuntes sobre os xudeus de Monforte

### III

Felipe Aira Pardo

# O Cristo dos Azoutes e o Cristo da Colada

Fraile Jacobo de Castro, Cronista da Orde Franciscana, coincidindo coa súa visita ao convento monfortino no século XVIII, deixou noticia da existencia de dúas curiosas pezas alí custodiadas.

Comenta o que foi Cronista Oficial da cidade do Cabe, o Sr. Germán Vázquez, na súa obra *“Historia de Monforte y su tierra de Lemos”*, citando a frai Jacobo:

“... Una de ellas estando azotándola unos judíos en su infame sinagoga dio voces llamando al padre guardián, quien ... guiando de aquella lastimosa voz ... se entró en la sinagoga y recobrando la imagen ... tuvo tiempo para dar cuenta a un ministro del Tribunal, quien prendió y castigó a los judíos, y depositó la imagen en este convento... En cuanto a dos imá-

genes de Cristo muerto bien crucificado que en este convento se tienen con especial veneración de la estatura de una tercia... uno con el título de “La Colada” y este está en la Sacristía con las demás reliquias y el otro con el título de “Los Azotes” está en la celda guardiánal con una estatua de San Antonio de estatura pequeña... Es tradición que una vil mujer la entró en una caldera de colada, que estaba hirviendo, deseando... borrar la hermosura de la imagen... Por más que sudó y afanó la proterva mujer en sepultar en lo profundo de la caldera la imagen, ésta se subía a la superficie de la colada. No se ejecutó esta execrable maldad con tanta cautela que no se hiciese pública; y averiguada fue presa y castigada la mujer por el Santo Oficio... Sucede con esta santísima imagen una cosa bien portentosa y es que, siendo fácil

abrir la caja en que está cerrada y colocada no es posible abrirse por más vueltas que se den a la llave, si dentro de la sacristía se halla algún judío”.

Armando Cotarelo Valledor, na súa obra *“El Cardenal Rodrigo de Castro y su fundación de Monforte de Lemos”*, citando a Frai Jacobo de Castro escribe:

“... En la iglesia (refírese á conventual de S. Antonio) sobresalía el retablo mayor, de altas y hermosas columnas, con buena imagen colosal del santo patrono, y en otras dependencias **se veneraba dos crucifijos milagrosos...**”.

Temos un interesante e inédito documento redactado polo Santo Oficio de Santiago que nos relata como Jorge de Gaibor, a quen xa



nos temos referido, é acusado por azoutar un crucifixo, é máis, incluso se detalla como o seu fillo Juan de Gaibor, o leva posteriormente ao convento de S. Antonio, onde, durante séculos foi considerado milagreiro.

Frai Jacobo de Castro, no ano 1722 cambia en parte o suceso ou ben cóntanllo a el xa cambiado, convertindo o feito en algo máis espectacular e atractivo para a devoción de aqueles fieis.

José María Monsalvo Antón, na súa obra *“Mentalidad antijudía en la Castilla medieval. Cultura clerical y cultura popular en la gestión y difusión de un ideario medieval”*, afirma:

“Entre las historias, unas hacían alusión a profanaciones de crucifijos. En otros casos se trataba de profanaciones de imáxenes de la Virgen o bien de hostias tema éste último que se difundió más vigorosamente que en los -exempla- a través de falsas imputaciones contra los judíos contadas como casos verídicos, como luego indicaré, en los -exempla- de profanaciones más o menos el esquema era el mismo. Un judío o varios profanaban una hostia, una pintura de Cristo o un crucifijo -real o imagen de cera fabricada- ad hoc- o una tabla o estatua de la Virgen, bien dañando el objeto físicamente el objeto con violencia y ensañamiento o bien mediante cualquier otra vejación. Luego, como muestra de su carácter sagrado y sobrenatural, el objeto profanado provocaba un fenómeno

no prodigioso: de la hostia salía sangre o se convertía en carne viva, normalmente con la figura de un niño, o sangraban los crucifijos, o bien moría -ipso facto- el judío profanador de la imagen de la Virgen. El cierre de estas historias era el castigo del judío o judíos profanadores y un efecto final sobre sus correligionarios en el que podían ocurrir o matanzas de judíos o conversos masivas de aquellos que vieron el milagro, no siendo incompatibles ambas posibilidades. Los detalles y variantes de estas historias de profanaciones resultaban secundarias: variantes sobre el desenlace...”.

O profesor Carlos Barros, no súa comunicación *“El otro admitido. La tolerancia hacia los judíos en la Edad Media Gallega”*, afirma sobre o tema:

“Del siglo XVIII es también la fabulación de que los judíos de Monforte azotaban en su infame sinagoga la imagen de Jesucristo que -ay en la sacristía y celda de los padres Guardianes-, la cual milagrosamente dio voces que alertaron a los franciscanos que se llevaron y dieron cuenta del hecho a la Inquisición que prendió y castigó a los judíos. Este anacronismo de ubicar una sinagoga en Monforte de Lemos en tiempos de la Inquisición... En fin, la propia Inquisición propagaba estas fantásticas acusaciones de sacrilegio dirigidas contra los falsos conversos, cuyo delito principal consistía en seguir practicando clandestinamente la religión de sus mayores...”.

Nós dispomos de datos novos e

inéditos, sumamente importantes para o tema que nos ocupa. Un documento do Santo Oficio do ano 1580 di:

*“Jorge de Gaybor difunto vecino de Monforte de Lemos, denunciado de que azotava en su casa de noche a un crucifixo, examinaronse cerca de éllo doze testigos entre los quales declaro uno que siendo su criado y dexandole encerrado y volviéndose para le hablar sintio que dava golpes y poniéndose a escuchar le pareció al testigo que los dava a un crucifixo que tenía allí, consta asimismo por el testigo y dicho de vista que en el tiempo que se tratava deste pleyto en Monforte de Lemos delante del Juez seglar y le fue el dicho Juez a buscar la casa al dicho Jorge de gaybor un muchacho suyo llevaba para sant francisco de aquella villa un crucifixo escondido y fue descubierto lo qual se tubo por indicio contra el dicho Jorge de Gaybor consta asimismo que el dicho Jorge de Gaybor fue por aquel tiempo había quarenta años (esto dicese no 1580 e o suceso ocorre no 1540) a presentarse en la Inquisición de Valladolid y que se volvió sin presentarse a su casa a dormir y a pocos días ay contra el dño Jorge de gaybor...”.*

Outro documento do mesmo ano e do mesmo tribunal, afirma:

*“Juan de Gaybor difunto hijo del dicho Jorge de Gaybor vecino de Monforte, denunciado de que siendo muchacho le toparon con un crucifixo y unos azotes en la mano y que como bio gente los escondio en una arca -examinaronse quatro testigos y que no resulto cosa de vista mas de que siendo pequeño y*



*Un grupo de escolares do Colexio Divina Pastora de Monforte, acompañados do investigador Felipe Aira e dun profesor do centro con motivo dunha visita ao casco antigo e Xudería de Monforte.*

*aprendiéndose a ler le azoto al dicho Juan de Gaybor el clérigo que le enseñava por averle hallado azotando y deste castigo ay dos testigos de vista aunque el uno dize lo bio entonces castigar Pero que no save si era por aquello, no se examino por ser defunto el clérigo”.*

Outro do ano 1580:

*“Pedro de Gaybor vecino de la villa de Monforte de Lemos de hedad de sesenta años fue testificado por un testigo de vista y dos de oydas de qye en una arca suya avian visto unos azotes y un crucifixo pintado en tabla estos testigos de vista fue una criada suya...”*

Un documento de 1583 do mesmo tribunal, comenta:

*“En Monforte Pedro de gaybor hijo deldho Jorge degaybor vecino demonforte, denunciado dequecierta moza criada suya conquentenia conversación leavia avuerto Una arca que tenia Un sobrado y avia hallado ay Un crucifixo yunas llagas examinose la dha moza y fue de vistayotors tres de oydas”.*

En canto ao Cristo da Colada, atopamos algúns documentos que avalan a existencia do mesmo no convento franciscano a finais do século XVIII. Nun documento do ano 1785 dise:

*“En la villa de Monforte a treinta días del mes de junio año de mil setecientos ochenta y cinco por parte de don Ignacio Correa vecino desta villa se exivio en este oficio los papeles y escriptura siguientes -... y*

*una escritura de foro que en fuerza de dichos autos y licencia hizo la referida doña Benita Vázquez Salgado dela expresa casa y guería a favor del mencionado don Ignacio Correa en ranta anual... un quarteron de cera para el SANTISIMO CRISTO DE LA COLADA SITO EN EL CONVENTO DE SAN FRANCISCO...”*

Sabemos desta peza até anos antes da invasión napoleónica e, tendo encontra a tradición relixiosa e popular da mesma, o lóxico é que fora colada a bon recaudo antes da entrada dos invasores franceses. Tal vez hoxe se garde, descoñecéndose o seu verdadeiro valor histórico, nalgunha casa de Monforte.





*Ribadavia.*

**JOSÉ RAMÓN ESTÉVEZ PÉREZ**

1952

Autodidacta da historia de Ribadavia, ten publicado diversos artigos sobre a historia da vila do Ribeiro en xornais como “La Voz de Galicia”, “La Región” ou “El Faro de Vigo”. Tamén

en “Shajar”, revista da comunidade xudía do Uruguay. Así mesmo ten participado diversos congresos como poden ser “Jornadas D’Historia dels Jueus de Catalunya”, “Curso de Verao da Universidade de Toledo – Cultura Hispano Judía y Sefardí”, e colaborado na organización de exposicións, “A Galiza Xudía”, Pazo de

Bendaña, Santiago, 1994, “Sefardismo en Galiza e a súa proxección histórica”, Teatro Principal de Pontevedra, 1998. Asesor do Centro de Información da Cultura Sefardi de Galicia e Presidente do Centro de Estudios Medievais de Ribadavia.



# Os xudaizantes de Ribadavia

José Ramón Estévez Pérez

**R**a vila de Ribadavia, que foi sé dunha importante xudería entre os séculos XI e XV, a expulsión dos xudeus de 1492 significou un duro golpe para os seus habitantes no económico e no social. Mais moitos destes xudeus, en vez de iniciar unha nova diáspora, deciden converterse e seguir integrándose na comunidade ribadaviense. Mais, iso si, co velo do bautismo católico continuarán realizando as cerimoniais da relixión dos seus antepasados.

Esta comunidade xudaizante veu-se favorecida por diversas causas:

Unha delas foi o serodio do establecemento do Tribunal da Inquisición na rexión galega, ó que se chamou Tribunal de Santiago pola súa ubicación, mentres no resto da Península xa levaba funcionando moitos anos (o Tribunal de Santiago foi o derradeiro en establecerse). Nun principio a rexión galega dependía do Tribunal da Inquisición de Valladolid, ó que se lle facía difícil poder controlar todo o territorio galego pola súa lonxanía, o abrupto do seu territorio e a dispersión das súas poboacións. Por esta razón obvia foi ineficaz durante un longo período, ata que se decidiu instalar un tribunal en Santiago.

Foron diversos os intentos. O primeiro tivo lugar no ano 1520, cando se nomea ó letrado Maldonado como inquisidor apostólico no Reino de Galicia polo tribunal da Suprema<sup>1</sup>. Sen embargo, as dificultades económicas e a hostilidade de diversas institucións (Igrexa e Audiencia) fan que fracase o intento de establecerse, pasando en 1532 a xurisdición, inquisitorial ó Tribunal de Valladolid<sup>2</sup>.

En 1561 téntase de instalalo outra vez, mais volta fracasar, disolvéndose no ano 1567. Será no ano 1574 cando se asenta definitivamente o tribunal en Santiago<sup>3</sup>.

1. CONTRERAS, Jaime, *El Santo Oficio de la Inquisición de Galicia*, Madrid, 1982, p. 23.  
2. *Idem*, p. 25.  
3. *Idem*, p. 27.



Outra causa foi o incremento de xudaizantes no Ribeiro de Avia, debido primeiramente á expulsión dos xudeus de Portugal en 1497 e ás persecucións de xudaizantes que levou a cabo o Tribunal da Inquisición de Coimbra, Portugal, en 1522<sup>4</sup>, o que fixo que moitas familias se asentaran definitivamente en Ribadavia e contribuíran deste xeito a ampliar e potenciar a súa comunidade.

Tamén influíu o feito de estar moi unidos entre eles (incluso tiñan certas medidas de seguridade para a súa protección) e o ben avidos que estaban coa comunidade cristiá. Por outra banda, é posible que certos comportamentos e cerimoniais destes xudaizantes pasaran inadvertidas ou non se lles dera demasiada importancia por parte do resto de habitantes da vila, debido, probablemente, ó carácter galego, moi predisposto á lenda e ó máxico.

Todas estas causas favoreceron que os xudaizantes non foran molestados durante un período longo de tempo, co que puideron contribuir ó auxe económico de Ribadavia no século XVI e principios do século XVII. Esta comunidade espallou os seus contactos no século XVI cara sinagogas europeas, sobretudo a de Venecia, na que os conversos portugueses-españóis tiñan moita influencia, e

onde tamén controlaban unha parte do comercio marítimo<sup>5</sup>.

Outro grupo de emigrantes conversos instalouse en Baiona (Francia), cos que os criptoxudeus ribadavienses mantiveron contactos moi estreitos, incluso no século XVII, foron vivir alí varias familias (entre elas a familia Piña). Estes conversos permitíronse enviar ós seus fillos estudar ás sinagogas referidas; tal foi o caso de Jerónimo Bautista de Mena, que estudou na sinagoga de Venecia<sup>6</sup>.

No século XVII, a sinagoga que tivo un realce extraordinario foi a de Amsterdam, onde a continua emigración criptoxudía cara estas terras fixo que se vivira outro período dourado da cultura xudía, destacando personaxes tan importantes como Benito Espinoza ou Menasseth ben Israel.

Todas estas emigracións cara estas sinagogas e o seu florecemento, e os seus contactos cos criptoxudeus hispano-portugueses, tiveron gran repercusión, pois foron unha causa importante da potenciación deste criptoxudaísmo<sup>7</sup>. Hai que destacar que Portugal e España nesta época formaban un só país.

A groso modo, os contactos entre os criptoxudeus ribadavienses e as sinagogas europeas e o feito

de que varios dos seus integrantes foran estudar a elas, regresando cos coñecementos aprendidos nas súas aulas, fai que se coñezan e estendan os ritos e cerimoniais da lei de Moisés na vila de Ribadavia.

#### **EDICTO DE FE EN RIBADAVIA E PRIMEIRAS DETENCIÓNS**

Todo en Ribadavia transcorría normalmente, a comunidade criptoxudía ou xudaizante convivía cos demais habitantes da vila harmoniosamente. Mais, de súpeto, os cimentos da convivencia estremécense, e un lóstrego de zozobra e medo percorre os corpos dos seus habitantes ó saber que a Inquisición prepara unha publicación de edicto de fe, a celebrarse na igrexa do convento de Santo Domingo, acto que se celebraba con gran pompa<sup>8</sup>.

Un personaxe desta mesma comunidade criptoxudaica entregara ó tribunal de Santiago en 1606 unha lista onde se acusaba a unhas duascenas persoas de crenzas e práctica de ritos xudaicos. Este personaxe foi Jerónimo Bautista de Mena, natural de Ribadavia. Jerónimo Bautista, na súa lista, acusa e inclúe á súa propia familia, comezando pola súa nai Ana Méndez, defunta, ós seus irmáns Ana de Mena, de 17 anos, e Nicolás de sete ou oito anos, que vivían con el, a seus cuñados e irmáns

4. *Idem*, p. 23.

5. MECHOULAN, Henry e NAHON, Gerard, *Menasseh ben Israel. Esperanza de Israel*, Madrid, 1987, p. 18.

6. A.H.N., *Leci.* 2042. *Caso de Jerónimo Bautista de Mena*, exp. 51.

7. MECHOULAN, Henry e NAHON, Gerard, *cit.*, p. 18.

8. BARREIRO DE V., Bernardo, *Galicia diplomática. Una audiencia en el Tribunal del Santo Oficio y los edictos de fe*, Pontevedra, 1885, pp. 53-73.




Jacome de Oliveira, Antonio de Morais, Susana Vázquez e Isabel Vázquez<sup>9</sup>, a Felipe Álvarez, boticario, e ós seus fillos Gaspar Álvarez (estudiante en leis), Fernando Méndez e Antonio Méndez, ós irmáns Enrique de Morais (defunto) e Jerónimo de Morais, a súa filla Isabel de Morais e a súa muller Blanca Coronel, ó rexedor de Ribadavia Juan López de Hurtado e á súa muller, Beatriz Méndez, a Marcos López, avogado, e á súa muller, Leonor Gómez, e un sen número máis de familias que caeron en mans do Tribunal do Santo Oficio, a metade de Ribadavia, como o manifesta o escritor Bernardo Barreiro<sup>10</sup>.

O Santo Oficio, en Outubro de 1606, por medio do “*licenciado Camarra, que puso audiencia formada en la villa de Ribadavia, nombrando escribano de ella a Alonso de Novoa, y por alguaciles ordinarios con barra de justicia, a Juan de Ybarra, su criado, y Antonio Pereira, cristiano nuevo, y por alguaciles extraordinarios nombró a otras personas. Hicieron muchos abusos, procedieron contra escribanos en razón de sus oficios, como fue contra Juan González y Antonio Seoane, de la villa de Ribadavia*”<sup>11</sup>.

Na vila ninguén estivo seguro nos anos que precederon a Outubro de 1606, posto que estes señores

non se pararon ante ninguén. Foi moitos anos despois cando saíron á luz os abusos e desfalcos realizados por estes representantes da Inquisición, que chegaron a ser de escándalo. Incluso tivo que intervir o consello da Suprema do Santo Oficio. No ano 1607 realizáronse a maioría das detencións, e

uns acusaban ós outros nas súas declaracións. Uns nos interrogatorios e outros no tormento foron confesando un a un o seu cripto-xudaísmo. Os pais acusaban ós fillos e os fillos ós pais; foron anos terribles para esta comunidade.



*Símbolo da Inquisición.*

9. CONTRERAS, Jaime, *op. cit.*, pp. 596-597.  
10. BARREIRO DE V., Bernardo, *Idem*, p. 71.  
11. A.H.N., *leg.* 2891.



### JERÓNIMO BAUTISTA DE MENA

Descendente de xudeus, era solteiro. A súa nai, Ana Méndez, dera cartos para que fora estudar ás sinagogas de Venecia, Pisa e Salónica, onde se educou na lei mosaica. Fíxose circuncidar, e cando regresou empezou a predicar esta lei, preciándose de facelo<sup>12</sup>. Ensinaba o xeito dos xexúns, aínda que claro está, todo isto ante os xudaizantes, pois ante os cristiáns preciábase de ser todo o contrario. Bernardo Barreiro descríbese como un hipócrita “*esta hipocresía le conducía a permanecer arrodillado y con los brazos abiertos ante los altares de la iglesia conventual de San Francisco*”<sup>13</sup>. O profesor Contreras cualifícaa de “*fanático convertido, que justifica diciendo ante los inquisidores que: no*

*era por enemistad por lo que venía a delatar, porque todos son sus conocidos, con los que trata de continuo, sino porque era verdadero católico*”<sup>14</sup>. Mais, ¿cal foi o principal motivo polo que este home puido encerrar tanto odio no seu

interior e transmitilo deste xeito tan tremendo, incluso sabendo que levaba ós seus irmáns á morte?. A única pista dánola Bernardo Barreiro: “*jamás había perdonado a sus hermanos y cuñados las pequeñas diferencias que existían en el reparto*



*O potro foi moi empregado cos reos de Ribadavia.*

12. A.N.N., *Leg. 2042*. Caso de Jerónimo Bautista de Mena, exp. 51.

13. BARREIRO DE V., Bernardo, cit., p. 47.

14. CONTRERAS, Jaime, cit., p. 597.



de sus bienes, y no fiando a la justicia la decisión de su causa alimentaba contra ellos un odio impecable que no se apagaría nunca”<sup>15</sup>. Esta acusación ante o Santo Oficio foi a súa satisfacción mesquiña por todo o que acontecerá, non sendo estrano este caso en Galicia, posto que a través da historia as diferencias con respecto a terras e herdanzas remataron con sangue e morte.

Como produto da súa acusación, levantouse contra Jerónimo Bautista de Mena unha oleada de xenreira e odio que foi o que alimentou a súa morte. Así pois apareceu morto un día misteriosamente nunha rúa de Ribadavia<sup>16</sup>, o que non é de estranar, e posiblemente o asasinara alguén que se atopaba entre as duascenas persoas acusadas. Cabe destacar que xa facía tempo, algunhas persoas que non pertencían á súa familia tiveron certos altercados con el. Pedro Álvarez dixera na súa confesión “que Jerónimo Bautista de mena era su inemigo por cierta pendencia”<sup>17</sup>, aínda que verdadeiramente nunca se soubo quen o asasinou.

Despois de certo tempo, cando xa remataran os procesos no ano 1609 e o Santo Oficio puido reunir as suficientes acusacións contra el, realizouse proceso contra a

súa sona e foi atopado herexe, “y que sus huesos, por estar en parte señalados, fuesen desenterrados y quemados con su estatua”<sup>18</sup>, procedemento habitual para defuntos ou ausentes.

#### DELICTOS DO XUDAÍSMO

Os ritos e cerimoniais da lei de Moisés que eran considerados como herexía e podían ser causa de condea e pena, tal como o describe o tribunal do Santo Oficio, foron os seguintes: respectar o Sábado e non traballar nel; poñer roupa e pescozo limpos neste día; acender o candelabro durante a véspera; cambiar as sabas da cama os Venres; realizar o xexún que chaman Grande e que cae polo mes de Setembro; desovar e desangrar a carne; respectar o xexún da raíña; rezar oracións sen Gloria Patri, rezar o Semag e a Amida e os salmos de David; non comer carne de porco e, por outra banda, non cumprir como cristiáns os ritos da Santa Mai Igrexa. O Santo Oficio aplicaba unha condea determinada segundo a gravidade do delito cometido polo acusado, que oscilaba entre un ano de prisión e morrer na fogueira<sup>19</sup>.

Analizando a corenta e dous condenados, neste caso de Ribadavia, as penas impostas detállanse do seguinte xeito:

- Un foi condenado a seis meses de cadea.
- Cinco a un ano de cadea e hábito.
- A cinco déronselles dous anos de cadea.
- Un a catro anos de cadea sen hábito.
- Vinteún foron condenados á cadea perpetua.
- Dous foron relaxados en persoa.
- Catro foron relaxados en estatua por estaren defuntos.
- Un foi absolto.
- Un foi suspenso.

#### OFICIOS OU PROFESIÓNS

Os xudaizantes procesados en Ribadavia tiñan na súa maioría oficios nobres, querendo interpretar como nobres aqueles que non son nin campesinado nin labor de braceiro. É dicir, que a maioría tiñan oficios, carreiras e postos de certa categoría que lles permitían unha estabilidade económica e benestar social.

Así pois, entre estes encausados atopamos, segundo a súa profesión, a un avogado, un estudante en leis, dous graduados en arte e medicina, un médico, un boticario, dous que vivían da súa facenda, un mercador de peixe, tres mercadores de panos, tres mercadores sen especificar e un

15. BARREIRO DE V., Bernardo, *op. cit.*, p. 47.

16. CONTRERAS, Jaime, *op. cit.*, p. 597.

17. A.H.N., *Leg. 2042*, exp. 51.

18. *Idem.*

19. A.H.N., *Leg. 2042*. Na maioría dos casos estudados, vemos nos expedientes os delitos polos que eran acusados de xudaizar.



xastre. Ademais, un non tiña oficio e de catro non se especifica cal era este. Estes catro últimos debían vivir coas súas familias, posto que a maioría eran xoves. En canto ós cargos políticos, había dous corríxidores de Ribadavia e un alguacil de facenda<sup>20</sup>. Nesta estatística non se inclúe ás mulleres, pois nos seus procesos non se indicaba o seu oficio (se o tiñan).

Con todo isto, podemos dicir que a maioría dos acusados se atopaba nunha posición económica bastante aceptable, por non dicir inmellorable para os tempos dos que nos ocupamos.

#### LUGARES DE ORIXE

A maior parte das persoas encausadas era de Ribadavia, mais tamén os portugueses formaban unha componente numerosa debido ás constantes migracións que tiveron lugar nesta época. Hai que recalcar que algúns dos nados en Ribadavia eran descendentes de xudaizantes portugueses. Con todo, o grupo máis numeroso formábano os nados en Ribadavia, co 45% dos condenados estudados. Os portugueses formaban o 23% e o resto (o 32%) os chegados de varias poboacións de Galicia, que na súa maioría eran residentes ou veciños de Ribadavia:

#### LUGAR DE ORIXE

|                    |    |
|--------------------|----|
| Ribadavia          | 19 |
| Portugal           | 10 |
| Ourense            | 4  |
| Pontevedra         | 2  |
| Salvaterra do Miño | 2  |
| Verín              | 1  |
| Chantada           | 1  |
| Sen especificar    | 3  |

#### IDADES

No que fai referencia ás idades dos encausados, vemos que predominan os xoves.

#### Homes

|                    |    |
|--------------------|----|
| Entre 20 e 30 anos | 10 |
| Entre 30 e 40 anos | 4  |
| Entre 40 e 50      | 4  |
| Entre 50 e 60      | 2  |
| Entre 60 e 70      | 3  |
| Máis de 70         | 1  |

#### Mulleres

|                    |   |
|--------------------|---|
| Entre 10 e 20 anos | 3 |
| Entre 20 e 30      | 2 |
| Entre 30 e 40      | 3 |
| Entre 40 e 50      | 1 |
| Entre 60 e 70      | 2 |
| Máis de 70         | 1 |

#### OS PROCESOS

Nos procesos seguíase unha orde pautada para todos, como extraído dun rigoroso manual que, efectivamente, existía. Primeirairamente rexistrábase información sobre as persoas acusadas, e se

reunían suficientes probas e testemuñas mandábase prender, e inmediatamente despois secuestrábase os bens, pasando ser patrimonio da Inquisición. Seguidamente tentaban atopar máis testemuñas, aínda que en realidade bastara cunha soa.

Entre a entrada na cadea e a primeira audiencia, soía pasar un período longo de cárcere, incluso ás veces un ano. Dábaselles por escrito a súa acusación, e tamén letrado para poder defender a súa causa, o que con frecuencia non lles servía de moito. Se confesaban o seu delicto na primeira audiencia a causa pechábase e dábaselles a condena pertinente, mais se non o confesaban dábanse as audiencias necesarias ata que se confesaran culpables. Se mantiñan ou non se tiñan as suficientes probas, comunicábaselles que recibirían tormento. Se aínda así continuaban negativos, dábaselles o tormento, normalmente no potro (sistema moi empregado no século XVII). Aínda, a pesares de todo, moitos vencérono soportando estoicamente o sufrimento. Temos de destacar así a María Vázquez, de 60 anos, "*que había vencido el tormento y eso que se le había dado dos vueltas*"<sup>21</sup>. A metade dos procesados do caso de Ribadavia torturáronos con este sistema.

Despois da confesión, que se realizaba a costa de moito sufrimento, eran condenados a unha

20. ESTÉVEZ, José Ramón, *Judíos y judaizantes en Ribadavia*, Girona, 1990.

21. A.H.N., *Leg. 2042*.




determinada pena segundo o tribunal atopara o delicto moi grave, grave ou leve. Debemos recalcar que varios dos condenados puideron saír en liberdade despois de condonar a súa pena por unha certa cantidade de cartos, como no caso de Simón Pereira<sup>22</sup>.

### AUTOS DE FE

Os autos de fe celebrábanse con gran despregue de medios e a toda pompa, e podían ser públicos ou privados. Estes últimos nunha igrexa. Os públicos, no tribunal de Santiago, realizábanse na Praza da Quintana, actualmente chamada Quintana dos mortos, onde asistía numeroso público a tan cruel manifestación. No caso de Ribadavia, 28 dos acusados foron protagonistas do auto público de fe que se celebrou en Santiago o 11 de Maio de 1608. Todos desfilaron co hábito (ou “sambenito”)<sup>23</sup>. Aqueles que eran entregados ó brazo segrar e relaxados en persoa, como Felipe Álvarez e o seu fillo Antonio Méndez, de 21 anos, se se arrepentían, normalmente eran agarrotados antes de mandalos á fogueira, pero se non se arrepentían eran enviados directamente a ela.

O Domingo 22 de Febreiro de 1609, na igrexa catedral de Santiago celebrouse un auto par-



*Martirio del Santo Niño*

22. CONTRERAS, Jaime, op. Cit., p. 546.

23. A.H.N., Leg. 2042, exp. 45. O rematar o expediente especificase o lugar, a data e as persoas que formaban o tribunal de Santiago.






*Aos condenados pñaselles o traxe de S. Bieito. Os arrepentidos eran agarrotados e levados á fogueira.*



ticular de fe, onde se deron diferentes penas a sete reos concernentes ó caso de Ribadavia. As menos graves foron para Isabel Rodríguez, de quince anos “*que guardase carcelería durante seis meses, donde les pareciese a los inquisidores*”<sup>24</sup> e Phelippa Rodríguez, irmá da anterior e de dezasete anos, gardando tamén carcelería durante un ano<sup>25</sup>, aínda que outros tiveron mellor sorte, como sucedeu con Francisco Chaves e Silva, a quen absolveron despois dun longo proceso no cal a súa propia memoria e o feito de coñecer perfectamente as súas terras servíronlle para a súa defensa ante os seus acusadores<sup>26</sup>. Algúns fuxiron a Francia, exactamente a San Juan de Luz e Bayona, como nos casos de Diego Fernández, o licenciado Piña e Isabel Luz, e integrándose nas comunidades xudías destas poboacións.

## RESUMO

Hai que destacar o convencidos que estaban algúns dos procesados, como no caso de Felipe Álvarez, que confesou ter vivido 23 anos como xudaizante “*creyendo que la ley de Moisés era buena para salvar el alma en su observancia y hacer dichas ceremonias, que eran obras meritorias para ir al cielo*”<sup>27</sup>, aínda que realmente algunhas persoas que seguían crendo na



*Auto de Fe.*  
Gravado de Goya.

24. A.H.N., Leg. 2042, exp. 49.

25. Idem.

26. A.H.N., Leg. 2042, exp. 50.

27. A.A.N., Leg. 2042, exp. 45.



Faldóns de Edictos de Fe que se colgaban nas igrexas.  
Neles aparecían os nomes dos condeados e incluso as súas figuras.

Foto de Juan J. Puig

lei de Moisés tiñan ideas algo confusas sobre esta relixión, posto que non contaban con persoas moi versadas nela. Mais todo cambiou máis tarde, principalmente pola ilusión e empeño postos por moitos membros do grupo ó enviar a varios xoves da comunidade a aprender a lei nas sinagogas europeas. Isto, e os continuos contactos que tiveron con elas, supuxo un importante florecemento e coñecemento da lei mosaica na comunidade galega. Debemos tamén recalcar que moitos dos condenados eran

descendentes de xudeus, como se manifesta nos seus procesos.

Anos despois destes procesos, algunhas persoas saíron en liberdade, como Simón Pereira ou Isabel de Morais, que tiña 26 anos e fora condenada a 2 anos de cadea. Ela era viúva de Antonio de Sosa, escribán, e cando saíu da cadea casou de novo con Antonio Álvarez, e en 1618 sae nun documento librando preito contra eles o alguacil maior do Santo Oficio sobre certas cantidades de cartos endebedados sobre o censo<sup>28</sup>.

Despois de ver todo isto preguntámonos por que Ribadavia estivo sempre ben predisposta cara ó tema xudeu, dende este histórico proceso ata os nosos días, sacándoo a relucir con frecuencia na súa historia, nas súas festas e as súas tradicións. Por exemplo, atopamos a tradición da festa da "Istoria", que se representou ata a revolución de 1868, e que actualmente segue a representarse, festa que ten que ver coa historia do pobo xudeu, ou a famosa comparsa dos gardas xudeus en Entroido, nos

28. FERRO COUSELO, Jesús, *Catálogo de libros de la sección de clero*, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Ministerio de Cultura, Madrid, 1980, p. 181.

Documentos de Santo Domingo de Ribadavia, 1075, Preito executivo promovido por Lope Osorio de Mercado, alguacil maior do Santo Oficio e rexedor de Santiago, contra Antonio Álvarez e a súa dona Isabel de Morais, e consortes sobre diversas cantidades de cartos que estes endebedaban dun censo. 1608-1618.

A.H.N.- Arquivo Histórico Nacional, Madrid.

Sección Inquisición. Tódolos mazos referidos nestas notas bibliográficas atópanse incluídos nesta sección.



anos trinta, na que máis dun dos nosos avós participou, o mesmo que hai algúns anos soía alardearse de ter nacido ou vivir no barrio xudeu. É posible que sexa

simplemente un caso insólito ou coincidente, ou ben que nos atopemos definitivamente ante un caso singular da memoria e tradición dun pobo.

## RELACIÓN DE XUDAIZANTES DE RIBADAVIA CONDENADOS POLA INQUISICIÓN (A.H.N.) LEG. 2042

### ANO 1608

#### ***Penitenciados con abxuración de vehementi pola Lei de Moisés***

**Leonor Gómez**, de 68 anos, abxurar de vehementi; perde-la metade dos seus bens e pasar na cadea da penitencia catro anos sen hábito.

#### ***Reconciliados pola Lei de Moisés***

**Antonio Blandon**, de 27 anos; confiscación de bens, hábito e cadea un ano.

**Ana de Mena**, de 19 anos, muller de Eduardo Coronel; confiscación de bens, hábito e cadea un ano.

**Fernando Álvarez**, de 44 anos; confiscación de bens, hábito e cadea un ano.

**Juan López Hurtado**, de 40 anos, rexedor de Ribadavia; confiscación de bens, hábito e cadea dous anos. Hai que ter en consideración que lle quedaban catro fillos pequenos, dous deles cegos, posto que á súa muller déuselle hábito e cadea perpetua.

**Duarte Coronel**, de 30 anos; confiscación de bens, hábito e

cadea de dous anos.

**Susana Vázquez**, muller de Jacome de Oliveira, de 22 anos; confiscación de bens, hábitos e cadea dous anos.

**Jorge Álvarez**, de 44 anos; confiscación de bens, hábito e cadea dous anos. A nota do Tribunal da Inquisición di así: *“En esta causa y en otras semejantes habían de poner pena de cárcel perpetua, y en la causa que el reo confesase en el tormento, cárcel perpetua e irremisible”*.

**Pedro Álvarez**, de 26 años, alguacil da facenda; confiscación de bens, hábitos e cárcere dous anos (foi un dos acusados por Jerónimo Bautista de Mena).

**Antonio Vázquez**, de 34 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Manuel Gómez**, de 42 anos, confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Fernando Álvarez**, de 23 anos; confiscación de bens, hábitos e cadea perpetua.

**Jerónimo de Morais**, de 60 anos, rexedor da vila; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Antonio de Morais**, de 36 anos. confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Fernando Gómez**, de 52 anos;

confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Jacome de Oliveira**, de 24 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Inés Díaz**, de 40 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Ginebra Vázquez**, muller de Pedro Fernández, de idade de 72 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Pedro Fernández**, de 71 anos, mercador; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Beatriz Méndez**, muller de Juan López Hurtado, rexedor da vila, de 50 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua.

**Fernando Méndez**, fillo de Felipe Álvarez, de 23 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua *“y que en todo el tiempo de su vida no llegue a puertos de mar, con 10 leguas alrededor ni salga de estos reinos de Su Majestad, so pena de impenitente relapso”*.

**Simón Pereira**, de 26 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua. Idem da nota anterior.

**Antonio de Morais**, de 43 anos, vive da súa facenda; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua e irremisible.

**Pedro Fernández**, de 39 anos;



confiscación de bens, hábito e cadea perpetua e irremisible.

**Antonio Vázquez**, médico de 26 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua irremisible.

**Gaspar Álvarez**, estudante, fillo de Felipe Álvarez, boticario, de idade de 20 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua e irremisible.

**Felipe Álvarez**, boticario de 60 anos; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua, "*Consultando a la Suprema, mando que la cárcel y hábito fuese irremisible*". (Relaxado en persoa).

**Antonio Méndez**, fillo de Felipe Álvarez, 21 anos; confiscación de bens e relaxado en persoa.

### **MARZO E XULLO DE 1609**

#### ***Votados por xudaizantes***

**Antonio Pereira**, suspenso.

**Alonso Rodríguez de Morais**, defunto, "*que se mire si hay más testificaciones o procédase contra su fama y memoria*".

#### ***Condenados polo delito do xudaismo con abxuración de vehementi***

**María Vázquez**, viúva de Lucas Rodríguez, de 60 anos; condenada a un ano de cadea sen hábito "*y a pagar cincuenta mil mrs. para gastos de este Santo Oficio*".

#### ***Penitenciados pola lei de Moisés***

**Isabel Rodríguez**, filla de Fernando Álvarez, de idade de 15 anos; confiscación de bens e con hábito penitencial "*el cual le sea quitado luego que sea absuelta, que estuviere seis meses de cárcel en la parte que pareciese a los inquisidores*".

**Phelippa Rodríguez**, filla de Fernando Álvarez, de idade de 17 anos; confiscación de bens e hábito penitencial, "*el cual se le quitó habiéndole absuelto y que parte de un año lo guarde cárcel en la parte que ordenen los inquisidores*".

**Isabel de Morais**, viúva de Antonio N. de Sosa, escribán, de idade de 26 anos; confiscación de bens, hábitos y cárcere dous anos.

**García de Sousa**, de idade de 40 anos, muller de Antonio Vázquez, mercador reconciliado; confiscación de bens, hábito e cadea dous anos.

**Catalina de León**, de idade de 32 anos, muller de Hernando Álvarez; confiscación de bens, hábito e cadea perpetua, "*y que al otro día se le diesen doscientos azotes por las calles públicas, por fautor y encubridor de herejes y encubridor de sus bienes, y por rebosante vario en sus declaraciones y tardo mal confidente*".

**Francisco de Chaves y Silva**, de 53 anos; absolvérono.

### **1 DE SETEMBRO DE 1609 A FINS DE AGOSTO DE 1610**

#### ***Relaxados en estatua por xudaizantes***

**Blanca Vázquez**, defunta, muller de Fernán Gerónimo, "*fue votado que la rea fuese declarada haber sido hereje, apóstata y como tal fuese condenada su memoria y fama, con confiscación de bienes y se sacase su estatua a la iglesia catedral donde se le leyese su sentencia y se relajase a la justicia y brazo seglar*".

**Ana Méndez**, defunta, muller de Gonzalo Vázquez; foi votado o mesmo que na anterior.

**Marcos López**, licenciado, defunto; votouse o mesmo que nos anteriores casos.

**Jerónimo Bautista de Mena**, mozo solteiro, defunto: votouse en consulta o mesmo que nos anteriores casos "*y que sus bienes, por estar en parte señalados, fuesen desenterrados y quemados con su estatua*".



*Familia xudía celebrando a "pesaj".*



*Voda xudía:  
os noivos diríxense  
á Sinagoga baixo  
palio, acompañados  
polos seus familiares  
e amigos.*

**CARLOS BARROS**

Profesor Titular de Historia Medieval da Universidade de Santiago. Doutor vinculado do Instituto Padre Sarmiento (CSIC). Coordinador da rede internacional Historia a Debate ([www.h-debate.com](http://www.h-debate.com)). Coordinador científico do Congreso Internacional

“Xudeus e Conversos na Historia” (Ribadavia, 1991) e editor das súas Actas. Responsable do equipo de historiadores que están a facer o Centro de Información Xudía de Ribadavia.

**GREGORIO CASADO**

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago. Paleógrafo especializado en letra cortesana e procesal. Traballou varios anos na ordenación dos fondos documentais no Arquivo do Reino de Galicia e noutros arquivos galegos.





# Novos documentos sobre a Xudería e a Sinagoga de Ribadavía

Carlos Barros  
Gregorio Casado

Os datos coñecidos sobre a historia xudía de Ribadavía e Galicia son aínda unha mestura de feitos documentados e tradicións orais, recollidos con agarimo polos historiadores locais desde finais do século XIX. Datos que hoxe en día, con arquivos máis organizados e mellores coñecementos historiográficos e profesionalidade, temos a obriga de revisitar, ó tempo de descubriremos novas fontes xudías sobre Galicia.

É menester distinguir o mellor posible a información derivada de fontes contemporáneas das simples invencións, polo regular ben intencionadas; así como averiguar

a base real das persistentes tradicións locais, desde a toponimia ata os “lugares de memoria”, que veñen reclamando desde hai séculos o interese da tradición oral e da historiografía local: barrios xudeus, sinagogas, cimiterios, etc.

Coidamos que esta recolleita de documentos do convento de Santo Domingo de Ribadavía, que se atopan depositados no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (agradecemos a súa dirección e empregados a colaboración prestada), nos van permitir avanzar na resolución do enigma da dimensión cuantitativa de presenza xudía na Ribadavía medieval, o

lugar preciso onde viviron os xudeus que foron expoliados en 1386 polas tropas do Duque de Lancaster, e, sobre todo, o sitio preciso onde estivo a sinagoga ata o ano 1492, considerando que a primeira mención é de 1522, isto é, 30 anos despois do seu abandono como casa de oración dos seguidores la lei de Moisés.

A transcripción e publicación destes documentos forma parte da investigación previa que estamos a realizar co obxecto da constitución, por iniciativa do concello de Ribadavía, do primeiro centro permanente de información histórica da Galicia xudía.

## DOCUMENTO Nº 1

[Ribadavía]

Cuadernillo que contén diversos documentos relativos a unha casa propiedade do mosteiro de Santo Domingo de Ribadavía, sita na rúa da Cruz ou “Judiaría”.

Contén, entre outros:

- 1.- 1522, xanerio, 7 Ribadavía (Ourense)  
Escritura de aforamento pola que o convento de Santo Domingo de Ribadavía afora a María Marcos unha casa sita na rúa da “Judiaría”, por dous reais cada ano (folio 21 recto - 21 verso).
- 2.- [s. d.] Ribadavía (Ourense)  
Copia simple do foro anterior (folio 22 recto - 22 verso).

Signatura: Arquivo Histórico Provincial de Ourense; sección Clero, caixa 10.071<sup>1</sup>, s.n.

1. Atópase inserto nun cuadernillo no que o título comeza: “Ribadavía. Casa que fueron dos en la calle de la Cruz o Judiaría y forma esquina a la izquierda bajando de esta calle a la de San Martín...” Neste cuadernillo, cun total de 22 folios, agrupáronse diversas escrituras relativas á casa en cuestión, ademais de varias follas con anotacións para o control da súa propiedade en diferentes épocas, até o século XVIII.





<sup>[Cubierta]</sup> Ribadavia. Casa que antes fueron dos en la calle de la / la judiaría y forma esquina a la iz- / quierda bajando de esta calle a la de san Martín. /

En 24 de febrero de 1644 dio en foro el convento a Francisco /<sup>5</sup> Rodríguez la parte de la casa / que estava entre las calles de / la Cruz y San Martín y formaba esquina bajando a la / izquierda, por renta en cada un año de dos reales de plata de / 34 maravedíes cada real, pagos por día de San Martín. Pasó la escritura / por ante Gonzalo Cervela, escribano de su magestad, vecino de Santa /<sup>10</sup> Eulalia de Vanga. /

Renta dos reales vellón /

Plazo 11 de noviembre /

En 20 de noviembre de 1576 ya había dado en foro el convento / a Bartolomé de Limés y a su muger, Ana González, otra casa /<sup>15</sup> que estava pegada a la antecedente por la parte de arriba o poniente, / por renta en cada un año de 4 reales de plata, que hacen oy 8 reales de / vellón, pagos por día de San Martín. Pasó la escritura ante Fernán Daño, / escribano de número de Ribadavia. /

Renta 8 reales vellón /

<sup>20</sup> Plazo 11 de noviembre /

Estas dos casas las hizo una el doctor don Gregorio Fernández Rey / en el año 1678, y cobra por ellas [el convento]<sup>2</sup> dichos diez reales, y por lo mismo también / se reunieron bajo esta cubierta todas las escrituras pertenecien- / tes a ambas casas, aunque sin confundir los documentos de una casa /<sup>25</sup> con los de otra. /

[Mazo 5º, nº 24 / 3º]<sup>3</sup> //

<sup>14r</sup> [Cajón. Ribadavia. Casa en Judairía. Número 3]<sup>4</sup>

En 20 de noviembre de 1576, ante Fernán Daño, escrivano, / vecino que fue desta villa, afora este convento una cassa sita en / la calle que vaja de la Plaza Maior para la cruz y iglesia de la Mag- / dalena, a mano yzquierda cuando vajas- / mos de la plaza, a Bartolo- /<sup>5</sup> mé de Liméz y a su muger, Ana González, ambos en una voz, / y a quatro voces después de ellos. /

[Renta]<sup>5</sup> Por renta de quatro reales de plata puestos en el convento por día / de San Martín. /

[Dézima]<sup>6</sup> Si se bende paga dézima, y no se puede vender sin lizencia del convento. /<sup>10</sup> Está vien demarcada, demarca con otra que es deste convento. /

[1ª voz]<sup>7</sup> Ynés González, hija de los sobredichos, fue primera voz. /

[2ª voz]<sup>8</sup> El licenciado [Domingo]<sup>9</sup> González Escaramán y sus hermanos, 2ª voz. /

[3 voz]<sup>10</sup> Don Gregorio Rey, tercera voz. /

Don Diego Rey, quarta voz. /

<sup>15</sup> [Ojo]<sup>11</sup> Los perfeutos según el foro que tubiese esta cassa son deste / convento, sin por ellos pagar nada. /

Apeose ante Cerbela, año de 1644. /

Apeo de Fernán Daño, año de 1576, en la declaración de / Bartholomé de Liméz, folio 97. Y en la declaración de /<sup>20</sup> Gregorio Daño, folio 97 buelta la oja. /

Este año de 1747 posee esta cassa y paga la dicha renta don Caetano / Rey Villamarín. //

<sup>20r</sup> [Ribadavia. Cassa]<sup>12</sup>

En [2]<sup>13</sup> 7 días del mes de febrero de 1522, ante / Bartholomé Lorenzo, escribano, afora este convento / a María<sup>14</sup> Marcos, viuda de Fernán Daño, y vezina / de Bentosela, una casa que está en la rúa de la /<sup>5</sup> plaza vieja. Está vien demarcada. A tres voces después della. /

[Renta]<sup>15</sup> Por renta de un real de plata o [una]<sup>16</sup> gallinas. /

Esta cassa está vajando desde la plaza mayor a la iglesia / de la Madalena, mano izquierda. /

Este año de 1747 posee esta cassa y paga esta renta /<sup>10</sup> don Caetano Rey Villamarín. /

[También está aquí la escriptura que hizo desta cassa entre / que [sic] Gregoria Rodríguez con el doctor don Gregorio Rey, / y se la trueca con la carga del foro a este convento por / ser de su directo dominio]<sup>17</sup>. /

<sup>15</sup> Nota (llave). De esta escritura de 7 de enero del año 1522 que se halla / bajo esta cubierta, y es original, se hallan dos copias en el libro / intitulado de San Antoniño, una al folio 34 B, y otra al 92 / B, y siempre que el convento necesite usar de ella lo hará más bien / de las copias, que no de este original. (Signo). //

<sup>21r</sup> Sepan quantos esta carta de fuero vieren como nos, / los reverendos padres fray Juan de Çamora, prior del monesterio de / Santo Domingo extramuros de la villa de Ribadavia, e / fray Domingo Dastariz, superior, e fray Gonçalo de Çelanoba, /<sup>5</sup> e fray Pedro de Santa [plar]<sup>18</sup> [Marta]<sup>19</sup>, flayres conventuales del dicho / monesterio, estando todos juntos en nuestro capí-

2. Entre renglóns.

3. Á marxe, abaixo.

4. Á marxe, arriba.

5. Á marxe, esquerda.

6. Á marxe, esquerda.

7. Á marxe, esquerda.

8. Á marxe, esquerda.

9. Entre renglóns.

10. Á marxe, esquerda.

11. Á marxe, esquerda.

12. Á marxe, arriba.

13. Tachado.

14. Correxido sobre "Antonia".

15. Á marxe, esquerda.

16. Enmendado.

17. Tachado.

18. Tachado.

19. Entre renglóns..



